



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 299
3 de maio de 2018

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

I 29755 (10/POP-003487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para atender as demandas do sector do teatro respecto do Centro Dramático Galego [96828](#)

I 29761 (10/POP-003488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción dalgunha medida que promova o subtítulo en lingua galega por parte dos provedores de series e cinema [96831](#)

I 29766 (10/POP-003489)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade [96834](#)

I 29770 (10/POP-003490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos previstos en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais [96836](#)

I 29801 (10/POP-003491)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación policial na xornada de folga estudantil convocada o 9 de abril de 2018 en Santiago de Compostela [96838](#)

I 29804 (10/POP-003492)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de sardiña asignada á frota galega do xeito para o ano 2018 [96840](#)

I 29814 (10/POP-003493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo [96842](#)

I 29824 (10/POP-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún tipo de estudo respecto do impacto que ten o traballo na pesca de altura e grande altura na saúde mental dos mariñeiros [96846](#)

I 29832 (10/POP-003495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún tipo de xestión co Goberno central para acadar acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca da xarda da frota galega de artes distintas ás do cerco e do arrastre coas das outras comunidades autónomas que pescan no caladoiro do Cantábrico-Noroeste [96848](#)

I 29839 (10/POP-003496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da divulgación do folleto do ano 2010 titulado *O método anticonceptivo* [96850](#)

I 29850 (10/POP-003497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non establecer unha veda totalmente subvencionada para o polbo co fin de evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros [96853](#)

I 29878 (10/POP-003499)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na emisión do informe trianual reflectido na disposición adicional da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia [96856](#)

I 29888 (10/POP-003500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio [96859](#)

I 29892 (10/POP-003501)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade da aplicación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia [96862](#)

I 29910 (10/POP-003502)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria do Salnés [96864](#)

I 29919 (10/POP-003503)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da xestión da casa de acollida para mulleres vítimas de violencias machistas de Ourense por unha fundación relixiosa [96867](#)

I 29923 (10/POP-003504)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de seguir mantendo as actuais condicións retributivas do profesorado galego [96870](#)

I 29929 (10/POP-003505)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para erradicar a praga de *Xylella fastidiosa* que afecta a oliveira, a vide e as froiteiras, no caso da súa entrada en Galicia [96872](#)

I 29935 (10/POP-003506)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para revertir a situación en que se atopan as bibliotecas de Galicia [96874](#)

I 29941 (10/POP-003507)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a reparación dos danos ocasionados polas explotacións de lousa xa abandonadas na comarca de Valdeorras [96877](#)

I 29945 (10/POP-003508)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis**

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas [96879](#)

I 29949 (10/POP-003509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da concesión de títulos nobiliarios a herdeiros de persoas relacionadas co franquismo [96881](#)

I 29954 (10/POP-003510)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da actuación unilateral da Xerencia executiva do Hospital Comarcal de Monforte en relación coa estruturación dos servizos mínimos durante a folga convocada para o 24 e o 26 de abril de 2018 [96885](#)

I 29961 (10/POP-003511)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións referidas á apertura dun novo proceso para a selección das persoas representantes das asociacións no Consello Galego das Mulleres [96888](#)

I 29967 (10/POP-003512)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a atención das demandas do persoal do Hospital Comarcal de Monforte referidas ás carencias e deficiencias existentes no centro [96892](#)

I 29996 (10/POP-003513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica AC-121 [96894](#)

I 30000 (10/POP-003514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as obras que se están a levar a cabo na carballeira do Cacharado, no concello da Cañiza [96896](#)

I 30011 (10/POP-003516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o anuncio de creación dun campus de formación profesional que aglutinará 16 centros de formación profesional de Vigo, Redondela, Nigrán, Baiona e O Porriño [96898](#)

I 30014 (10/POP-003517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a suficiencia financeira das federacións deportivas galegas no período 2018-2020 [96900](#)

I 30023 (10/POP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da situación do Centro Dramático Galego [96902](#)

I 30027 (10/POP-003519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da proposta das confrarías da ría de Arousa en relación coa xestión dos espazos de explotación marisqueira [96904](#)

I 30038 (10/POP-003520)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos plans de emerxencia dos espazos turísticos de Galicia [96906](#)

I 30042 (10/POP-003521)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras [96909](#)

I 30046 (10/POP-003522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 3 máis

Sobre a análise que fai o Goberno galego en relación cos continuos desprendementos de rochas que están a afectar as autoestradas da provincia de Ourense [96914](#)

I 30048 (10/POP-003523)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da non inclusión dalgún experto en materia ferroviaria na convocatoria de postos de traballo publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 7 de marzo de 2018 [96916](#)

I 30063 (10/POP-003524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para o impulso, en coordinación co Concello da Coruña e ante o Goberno central, da transformación portuaria e urbanística da cidade mediante a constitución dun consorcio público que lidere ese reto [96919](#)

I 30078 (10/POP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da opacidade en que se levou a cabo a venda polo FROB de Nova Caixa Galicia Banco a Banesco [96921](#)

I 30084 (10/POP-003526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o traballo que está a desenvolver o Goberno galego en materia de educación sexual [96927](#)

I 30088 (10/POP-003527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de introducir cambios no proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista previsto para a cidade de Ourense [96930](#)

I 30089 (10/POP-003528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza [96932](#)

I 30101 (10/POP-003529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao consenso coa Federación Galega de Municipios e Provincias, a Igrexa católica e a Administración central para a elaboración dun plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia [96934](#)

I 30113 (10/POP-003530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais da parroquia de Lariño de xeito complementario ás actuacións promovidas polo Concello de Carnota [96937](#)

I 30121 (10/POP-003531)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da reformulación do Centro Dramático Galego tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados [96940](#)

I 30131 (10/POP-003532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o resultado das xestións realizadas polo Goberno galego ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada [96943](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 30005 – 30155 (10/PUP-000159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o tipo de controis que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento dos requisitos exixidos na concesión das axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural [96947, 96949](#)

I 30238 (10/PUP-000160)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe oficial a México que vai realizar o presidente da Xunta de Galicia, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria no mes de maio de 2018 [96950](#)

I 30240 (10/PUP-000161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do bordo litoral da cidade da Coruña [96952](#)

I 30242 (10/PUP-000162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos últimos acontecementos relacionados coa folga do persoal da Administración de Xustiza [96956](#)

I 30277 (10/PUP-000163)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as razóns do Goberno galego para considerar agora vangarda tecnolóxica os medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia que pasaron a mans privadas no seu día por considerar que estaban obsoletos e que precisaban de actualización [96958](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 30278 (10/POPX-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da súa política en relación coa lingua galega [96961](#)

I 30279 (10/POPX-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos de Galicia [96962](#)

I 30280 (10/POPX-000090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de xeito partidario dos medios públicos para facer campaña electoral [96963](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 29755 (10/POP-003487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para atender as demandas do sector do teatro respecto do Centro Dramático Galego

- 29761 (10/POP-003488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción dalgunha medida que promova o subtítulo en lingua galega por parte dos provedores de series e cinema

- 29766 (10/POP-003489)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade

- 29770 (10/POP-003490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos previstos en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

- 29801 (10/POP-003491)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación policial na xornada de folga estudantil convocada o 9 de abril de 2018 en Santiago de Compostela

- 29804 (10/POP-003492)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de sardiña asignada á frota galega do xeito para o ano 2018

- 29814 (10/POP-003493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

- 29824 (10/POP-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún tipo de estudo respecto do impacto que ten o traballo na pesca de altura e grande altura na saúde mental dos mariñeiros

- 29832 (10/POP-003495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún tipo de xestión co Goberno central para acadar acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca da xarda da frota galega de artes distintas ás do cerco e do arrastre coas das outras comunidades autónomas que pescan no caladoiro do Cantábrico- Noroeste

- 29839 (10/POP-003496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da divulgación do folleto do ano 2010 titulado *O método anticonceptivo*

- 29850 (10/POP-003497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non establecer unha veda totalmente subvencionada para o polbo co fin de evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros

- 29878 (10/POP-003499)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na emisión do informe trianual reflectido na disposición adicional da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

- 29888 (10/POP-003500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio

- 29892 (10/POP-003501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade da aplicación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia

- 29910 (10/POP-003502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria do Salnés

- 29919 (10/POP-003503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da xestión da casa de acollida para mulleres vítimas de violencias machistas de Ourense por unha fundación relixiosa

- 29923 (10/POP-003504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de seguir mantendo as actuais condicións retributivas do profesorado galego

- 29929 (10/POP-003505)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para erradicar a praga de *Xylella fastidiosa* que afecta a oliveira, a vide e as froiteiras, no caso da súa entrada en Galicia

- 29935 (10/POP-003506)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para revertir a situación en que se atopan as bibliotecas de Galicia

- 29941 (10/POP-003507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a reparación dos danos ocasionados polas explotacións de lousa xa abandonadas na comarca de Valdeorras

- 29945 (10/POP-003508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas

- 29949 (10/POP-003509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da concesión de títulos nobiliarios a herdeiros de persoas relacionadas co franquismo

- 29954 (10/POP-003510)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da actuación unilateral da Xerencia executiva do Hospital Comarcal de Monforte en relación coa estruturación dos servizos mínimos durante a folga convocada para o 24 e o 26 de abril de 2018

- 29961 (10/POP-003511)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións referidas á apertura dun novo proceso para a selección das persoas representantes das asociacións no Consello Galego das Mulleres

- 29967 (10/POP-003512)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a atención das demandas do persoal do Hospital Comarcal de Monforte referidas ás carencias e deficiencias existentes no centro

- 29996 (10/POP-003513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica AC-121

- 30000 (10/POP-003514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as obras que se están a levar a cabo na carballeira do Cacharado, no concello da Cañiza

- 30011 (10/POP-003516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o anuncio de creación dun campus de formación profesional que aglutinará 16 centros de formación profesional de Vigo, Redondela, Nigrán, Baiona e O Porriño

- 30014 (10/POP-003517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a suficiencia financeira das federacións deportivas galegas no período 2018-2020

- 30023 (10/POP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da situación do Centro Dramático Galego

- 30027 (10/POP-003519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da proposta das confrarías da ría de Arousa en relación coa xestión dos espazos de explotación marisqueira

- 30038 (10/POP-003520)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos plans de emerxencia dos espazos turísticos de Galicia

- 30042 (10/POP-003521)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras

- 30046 (10/POP-003522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 3 máis

Sobre a análise que fai o Goberno galego en relación cos continuos desprendementos de rochas que están a afectar as autoestradas da provincia de Ourense

- 30048 (10/POP-003523)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da non inclusión dalgún experto en materia ferroviaria na convocatoria de postos de traballo publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 7 de marzo de 2018

- 30063 (10/POP-003524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para o impulso, en coordinación co Concello da Coruña e ante o Goberno central, da transformación portuaria e urbanística da cidade mediante a constitución dun consorcio público que lidere ese reto

- 30078 (10/POP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da opacidade en que se levou a cabo a venda polo FROB de Nova Caixa Galicia Banco a Banesco

- 30084 (10/POP-003526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o traballo que está a desenvolver o Goberno galego en materia de educación sexual

- 30088 (10/POP-003527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de introducir cambios no proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista previsto para a cidade de Ourense

- 30089 (10/POP-003528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza

- 30101 (10/POP-003529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao consenso coa Federación Galega de Municipios e Provincias, a Igrexa católica e a Administración central para a elaboración dun plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia

- 30113 (10/POP-003530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais da parroquia de Lariño de xeito complementario ás actuacións promovidas polo Concello de Carnota

- 30121 (10/POP-003531)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da reformulación do Centro Dramático Galego tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados

- 30131 (10/POP-003532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o resultado das xestións realizadas polo Goberno galego ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 30005 – 30155 (10/PUP-000159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o tipo de controis que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento dos requisitos exixidos na concesión das axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 30155.

- 30238 (10/PUP-000160)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe oficial a México que vai realizar o presidente da Xunta de Galicia, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria no mes de maio de 2018

- 30240 (10/PUP-000161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do bordo litoral da cidade da Coruña

- 30242 (10/PUP-000162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos últimos acontecementos relacionados coa folga do persoal da Administración de Xustiza

- 30277 (10/PUP-000163)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as razóns do Goberno galego para considerar agora vangarda tecnolóxica os medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia que pasaron a mans privadas no seu día por considerar que estaban obsoletos e que precisaban de actualización

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 30278 (10/POPX-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da súa política en relación coa lingua galega

- 30279 (10/POPX-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos de Galicia

- 30280 (10/POPX-000090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de xeito partidario dos medios públicos para facer campaña electoral

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29755
Data envío: 19/04/2018 18:30:55.761

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o Centro Dramático Galego (CDG) e as medidas a adoptar para garantir o seu futuro

O CDG hai tempo que non atravesa por bos momentos. Ás críticas e polémicas que envolveron e envolven o proceso de selección do elencos engádeselle a cada vez máis minguada actividade da institución, a escasa distribución das súas montaxes e tamén contratacións de intérpretes cada vez máis reducidas.

Nas últimas semanas, mesmo se ten denunciado publicamente por parte da Asociación de Actrices e Actores Galegos (AAAG) o inicio de modelos de contratación que supoñen, de facto, a externalización da obra *Divinas palabras*.

Son moitas as críticas ao modelo de funcionamento da institución pública que debería representar o teatro nacional galego, sendo referente e motor do sector.

Hai tempo que as actrices e actores, as compañías e todas as persoas vencelladas dunha ou doutra forma co teatro veñen demandando da administración pública que preste atención e escoite as súas demandas. Que abra unha mesa de diálogo co sector para adoptar as medidas necesarias que permitan recuperar –mesmo refundar– o Centro Dramático Galego dotándoo, alén do máis, de maior autonomía e orzamento.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29755
Data envío: 19/04/2018 18:30:55.761

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pensa facer o Goberno galego para atender as demandas do teatro a respecto do CDG?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:30:01

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:30:07

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:30:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:30:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29755

Data envío: 19/04/2018 18:30:55.761

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:30:11

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:30:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen distintas plataformas en VOSG.

No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) o Parlamento galego situou como un dos eixos prioritarios da acción de goberno en materia de normalización dos usos da lingua galega os medios de comunicación e as industrias culturais.

Neste senso, prevé a adopción de medidas encamiñadas a garantir o acceso á produción audiovisual galega e en galego mais tamén a aqueloutra estranxeira posibilitando a súa dobraxe ou subtulado á lingua propia do país.

Nos últimos anos, as novas tecnoloxías, teñen mudado moito o consumo de produtos cinematográficos e audiovisuais e o xurdimento de novos espazos de distribución tamén teñen aumentado a oferta.

Así, plataformas como Netflix ou Movistar+ son espazos nos que cada vez un maior número de persoas no noso país accede a series e filmes que na súa grande maioría fan parte da produción de países anglosaxóns.

Gobernos como o vasco ou o catalán levan anos a facilitar subtítulos a estas canles e plataformas co obxectivo de promover o acceso da poboación a estes contidos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29761
Data envío: 19/04/2018 19:08:08.121

en VOS. Tanto é así, que é o galego a única lingua que non pode ser seleccionada o que supón unha vulneración dos dereitos lingüísticos de galegas e galegos mais tamén unha oportunidade perdida, ou non explorada, para gañar novos espazos de uso (de grande prestixio) para o idioma propio do país, especialmente dirixidos á xente moza.

En Euskadi, o Departamento de Cultura e Política Lingüística do Goberno vasco, puxo a disposición da cidadanía e dos axentes culturais os subtítulos en euskera de filmes e series de ficción producidas en linguas estranxeiras a través da Open Data Euskadi e ten asinado acordos con Movistar+ (2016) ou Canal+ (2014) para ofrecer os seus contidos audiovisuais en VOS.

Pola súa banda, Netflix comezou en 2016 a ofrecer filmes dobrados ao catalán sumándose a outros provedores que xa o viñan facendo con anterioridade como Yomvi, Filmin, AppleTV e Canal+ grazas á colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai adoptar o Goberno galego algunha medida que promova o subtulado en lingua galega nos provedores de series e cinema como Netflix e Movistar+?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29761

Data envío: 19/04/2018 19:08:08.121

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 19:04:56

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 19:05:01

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 19:05:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 19:05:04

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 19:05:05

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 19:05:06

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

O ictus é un cadro médico que se produce a partir de distintas patoloxías, e que representa unha moi importante causa de morte, e nomeadamente de secuelas físicas e psíquicas.

En Galicia púxose en marcha no ano 16 o Plan Ictus, que se estaba a xestar dende o ano 2009, e no marco do mesmo inclúese un eixo para acadar a rápida detección desta enfermidade, pilar fundamental para a supervivencia e a diminución da cantidade e gravidade das secuelas.

Para concienciar e informar á cidadanía deseñouse unha campaña publicitaria baseada nas tres “F”: fala, forza e faciana, na que dun xeito moi sinxelo se transmitía ás persoas os signos mais habituais do proceso.

Non poder dicir de forma correcta palabras simples, non poder elevar os brazos á mesma altura durante dez segundos, ou non ser quen de sorrir amosando toda a dentadura son signos fáciles de percibir, e que deben servir de alerta para poñerse en contacto co 061, que completará o interrogatorio e, de ser preciso, enviará medios para o desprazamento ata o hospital.

Os avances no tratamento urxente do Ictus, a fibrinólise e a trombectomía mecánica que resulta eficaz ata as 24 horas seguintes ao episodio agudo, dan unha importancia esencial á inmediatez do tratamento, polo que pensamos que esta campaña debería ter producido resultados na mellora da atención a este proceso.

Por todo o exposto os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Teñen comprobado no SERGAS a mellora nos tempos de atención e no pronóstico dos cadros clínicos do Ictus dende a posta en marcha da campaña informativa sobre os signos de aparición desta enfermidade?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/04/2018 10:52:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/04/2018 10:52:47

María Ángeles Garcia Míguez na data 20/04/2018 10:52:53

Marta Rodriguez Arias na data 20/04/2018 10:52:59

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 20/04/2018 10:53:08

María Soraya Salorio Porral na data 20/04/2018 10:53:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/04/2018 10:53:22

Raquel Arias Rodríguez na data 20/04/2018 10:53:29

Sandra Vázquez Dominguez na data 20/04/2018 10:53:38

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2018 publicouse a Resolución do 3 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017 e 2018.

As axudas teñen por obxecto a posta en funcionamento de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

O crédito orzamentario disposto é de 1.400.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo 350.000 euros á anualidade de 2017 e 1.050.000 euros á anualidade de 2018.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas, expresado en euros, recóllense no anexo desta resolución:

 Grupo Parlamentario

Número expediente	Entidade solicitante	Importe axuda
BS403D-1/2017	Asociación de empresarios de Mos-AEMOS	200.000 €
BS403D-3/2017	Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada	200.000 €

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos previstos polo goberno galego a respecto da creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2018 17:13:50

María Luisa Pierres López na data 19/04/2018 17:13:57

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2018 17:14:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Boveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa á actuación da policía na folga estudantil do pasado 19 de abril.

O pasado 19 de abril, na xornada de folga estudantil convocada no noso país, a Policía Nacional entrou en diferentes facultades da Universidade de Santiago de Compostela, sen autorización da Reitoría, para identificar a estudantes que estaban desenvolvendo nos centros a mesma actividade que se desenvolve en todas as convocatorias, nas que nunca é necesaria a intervención de ninguén alleo á comunidade universitaria. Ademais, identificaron a un traballador que intentaba facer o seu traballo sen impedimentos nin inxerencias inxustificadas.

Feitos, que tal e como denunciou o propio comité de folga, supoñen un ataque á autonomía universitaria e ao dereito á folga do estudantado. Dende En Marea pensamos que nos se pode consentir que as protestas estudantís sexan coartadas mediante sancións económicas arbitrarias, nin que a resposta do Goberno ás demandas da cidadanía sexa a represión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que opinión ten o goberno galego da actuación policial na folga?



Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/04/2018 12:43:25

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2018 12:43:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Hoxe podemos afirmar que as frotas do Cerco e o Xeito de Galicia dipoñen do peor cupo de sardiña da historia. O recorte derivado do plan conxunto supón un problema de supervivencia brutal para ambos sectores de flota. Ademais a situación ventaxosa acadada por Portugal para a súa frota, ven a demostrar unha vez mais incapacidade do Goberno galego e central para defender os intereses dos pescadores galegos.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Toneladas	15.021	13.828	15.459	10.773	8.308	4.531	4.808	3.307	4.374	3.453

Como se desprende do cadro anterior de descargas a cota para o 2018 2.860 toneladas son un atraco as nosas posibilidades de pesca de sardiña, situando o 2018 no pero resultado da serie histórica e 4 veces inferior a situación que se atopou o PP a súa chegada ao goberno, o que demostra a súa incapacidade para xestionar a pesca de Galicia.

Si a situación é grave para a frota do certo, no xeito estamos ante unha situación inasumible e un novo ataque aos seus intereses. Cando a Xunta ten na súa man a formula para evitar a debacle económica deste sector de frota, exercendo as competencias que lle son recoñecidas en augas interiores a Xunta no Estatuto, Constitución e normas europeas.



Recoñecemento que incluso esta recollido no informa da valedora do pobo do 2017 que expresamente di que o stock da sardiña ibérica non se atopa so en “augas interiores (as únicas de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia)”. Evidenciando con esta información os argumentos defendidos nesta Cámara durante a lexislatura pasada por AGE e que nunca puideron ser contrarrestados pola administración galega, da necesidade de exercer a nosa capacidade de decisión en augas interiores, e polo tanto facer un plan de xestión propio para o xeito alleo as decisión adoptadas no marco da UE e do acordo bilateral con Portugal, permitindo mellor a situación dramática deste acordo que suporá para os barcos do xeito a ridícula cantidade acordade de 125 toneladas para todo o 2018

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de **En Marea**, formula a seguinte **Pregunta** para resposta oral en Pleno.

Que opinión ten a Xunta deste inxusto reparto para a frota galega, cando ten pensado exercer as súas competencias en augas interiores no que se refire a esta problemática?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 20/04/2018 13:15:31

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno, sobre a non discriminación no uniforme escolar.

A “Resolución do Parlamento Europeo do 12 de marzo de 2013 sobre a eliminación dos estereotipos de xénero na UE” desagrega numerosas consideracións, peticións e recomendacións en materia de lexislación e para a adopción de medidas específicas en diferentes ámbitos: político, económico, laboral, cultural e social, facendo especial fincapé na esfera educativa e na infancia, ao entender que "os nenos se enfrontan a estereotipos de xénero a idades moi temperás" que "inflúen na súa percepción de como deben comportarse homes e mulleres e que teñen repercusións durante toda a súa vida e sobre as súas aspiracións futuras". Así, na devandita resolución insístese “na importancia de promover a igualdade entre mulleres e homes desde unha idade temperá para loitar de maneira eficaz contra os estereotipos” e considera “que deben eliminarse todas as formas directas e indirectas de discriminación por motivos de xénero a fin de garantir o dereito das mulleres á igualdade de trato”.

Os uniformes escolares diferenciados por sexo están a ser obxecto de crítica crecente en diversos estados europeos por considerarse determinantes para manter os estereotipos de xénero na escola. Existe un claro vínculo entre a saia ou o vestido e o estereotipo dunha feminidade tradicional na que resultaría impropia a vestimenta catalogada de "masculina", como son os pantalóns. Desta forma, a segregación de roles sexuais que comeza co uniforme escolar e coa



imposibilidade de que as alumnas poidan escoller e acudir con pantalón á inmensa maioría estes centros educativos durante toda a súa escolarización, desde os 3 ata os 16 ou mesmo os 18 anos.

De feito, no inicio do pasado curso, numerosas institucións escolares públicas do Reino Unido eliminaron a referencia sexuada nos códigos de vestimenta, de forma que se dá liberdade a cada nena e neno á hora de escoller como queren vestirse para acudir ás aulas.

Precisamente a Sentenza do Tribunal Supremo do 19 de abril de 2011 considerou contraria ao principio de non discriminación por razón de sexo, que se contén no artigo 14 da Constitución Española, a práctica habitual na sanidade privada pola cal as auxiliares e enfermeiras se vían obrigadas a vestir un uniforme consistente en cofia, mandil con peto saia e medias, sen posibilidade de elixir a vestimenta sanitaria de pantalón e camisa que empregan os seus equivalentes homes e que si é de uso común na sanidade pública.

A teor desta sentenza, o feito de que a case totalidade dos centros educativos que deciden que o alumnado leve uniforme escolar manteña de forma obrigatoria un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos podería incorrer en vulneración das garantías constitucionais, ademais de fomentar uns estereotipos de xénero contrarios á igualdade efectiva entre mulleres e homes, tal e como detalla a Resolución do Parlamento Europeo xa citada.

Pero ademais da Constitución Española, a propia lexislación estatal educativa e en materia de igualdade, así como o propio Estatuto Autonomía de Galicia poñen de manifesto diversas premisas legais que deben asegurar a igualdade de trato e non discriminación entre alumnos e alumnas no ámbito educativo. Así, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación inclúe entre os seus principios e fins o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a educación no respecto dos dereitos e liberdades



fundamentais e na non discriminación e igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, contemplando así mesmo entre as funcións da inspección educativa o de velar polo cumprimento e aplicación dos principios e valores destinados a fomentar a igualdade real entre homes e mulleres. Pola súa banda, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seus artigos 23 e 24 indícase respectivamente que “o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros” e que “as Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.”

Finalmente, o Estatuto de Autonomía de Galicia inclúe que corresponde aos poderes públicos de Galicia “promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social”.

No mesmo senso, na lei de igualdade de Galicia, no seu artigo 18 sobre erradicación de prexuízos nos centros docentes establécese, “non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida”.

Ante esta situación o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:



- Considera axeitado o Goberno galego que os centros escolares manteñan uniformes diferenciados para nenas e nenos?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/04/2018 13:43:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2018 13:43:33

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Un estudo realizado pola asociación internacional de axuda á xente de mar “*Sailors Society*” e a Universidade de Yale, presentado na conferencia *Wellness at Sea* en Londres en abril deste ano, sobre máis de mil mariños, reflexou que máis dunha cuarta parte da xente de mar enquisada mostraba síntomas de depresión.

Este dato resulta polo menos preocupante e sorprendente, aínda entendendo a dureza dunha profesión que implica grandes tempadas de afastamento familiar, unha elevada carga de tarefas, alteracións do sono, así como a gran presión do propio traballo.

Reflexa o estudo ademais que case na metade dos casos das persoas enquisadas, aínda recoñecendo os síntomas de depresión non pediron axuda profesional, xa que esta profesión aínda está máis estigmatizado o carácter forte que se espera das e dos traballadores do mar. Outras veces, o medo a perder o traballo foi a causa que motivou o silencio.

En Galicia, todos e todas podemos ter coñecemento de alguén que se atopa nestas condicións, e que simplemente o feito de perder un acontecemento familiar importante, como pode ser a morte ou nacemento dun familiar pode deixar unha pegada indeleble. Polo tanto, dende o Grupo Socialista á vista do resultado deste estudo cremos que debe servir de reflexión sobre o enorme impacto que na saúde mental ten o traballo no mar nestas condicións, e para que no caso de que os mariñeiros galegos se atopasen nunha situación similar puideran contar coas ferramentas precisas que lles permitan saír adiante.

De acordo cos datos do IGE no ano 2017 había 100 buques con pesquería internacional e 68 na comunitaria.



Grupo Parlamentario

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Levou a cabo o Goberno galego algún tipo de estudo sobre o enorme impacto que ten sobre a saúde mental dos mariñeiros, o traballo na pesca de altura e gran altura?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/04/2018 17:33:17

Julio Torrado Quintela na data 20/04/2018 17:33:30

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O reparto de posibilidades da pesca de xarda para artes distintas do cerco e do arrastre no Cantábrico - Noroeste pon de manifesto a discriminación á que se ve sometida a frota galega, a pesar de ser a comunidade con maior número de embarcacións, non é nin moito menos a que dispón da maior adxudicación. Isto lévanos a cuestionar unha vez máis por que motivo en España existen privilexios nas pesquerías en función do lugar no que se viva. Pregunta que foi formulada á Sra. conselleira do Mar en Pleno e da cal non obtivemos resposta. Lonxe están aqueles tempos nos que a xarda non interesaba polo seu baixo prezo, e non se ía a ela porque implicaba longas distancias. Hoxe en día, a xarda incrementou a súa demanda e, polo tanto, os galegos queren estar entre aqueles que teñen un dereito representativo e suficiente de pesca. Xa non chega coas migallas.

Para nós, os socialistas, trátase dunha forma de gobernanza, con carga ideolóxica, na que se decidiu por parte do Goberno galego renunciar claramente a defender á nosa frota, e a acadar acordos de equilibrio sobre as cotas da xarda e outras especies que nos equiparen co resto das comunidades autónomas coas que compartimos caladoiro. Mentres a nosa frota fai números para que os ingresos do mar lle permitan, unha vez feito fronte aos gastos da actividade, (como combustible, reparacións, mantemento, despachos ou incluso dos investimentos a bordo, se fose posible facelo), obter un medio de vida. Pero por moitos números que se fagan en Galicia as contas non cadran. Medran outras embarcacións, simplemente por pertencer a outra comunidade autónoma.

O obxectivo non debe despezar nin retirar as formas de vida, senón de vivir en comunidade pesqueira co de todos, para todos, e neste momento non funciona así, veñen os de fóra cos seus privilexios nas cotas, ver como se arruína o sector galego sen que a conselleira tome en conta o seu futuro, simplemente cun equilibrio máis acorde, situación actual na que a frota galega saíría beneficiada.



Grupo Parlamentario

A pesca ten un papel fundamental como estabilizador da poboación nas zonas costeiras que están afectadas pola regresión demográfica de Galicia, as consecuencias destas reparticións, das baixas posibilidades, non teñen unicamente consecuencias inmediatas como a inviabilidade económica das embarcacións, teñen tamén consecuencias a medio prazo, tales como a perda de emprego, inestabilidade económica e perda de poboación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Levou a cabo Goberno galego algún tipo de xestión co Goberno do Estado para acadar acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca de xarda da frota galega de artes distintas das do cerco e do arrastre, coas das outras comunidades autónomas que operan no Cantábrico Noroeste?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/04/2018 10:47:36

Julio Torrado Quintela na data 23/04/2018 10:47:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O Sergas continúa difundindo, en abril de 2018, na súa páxina web, o folleto “O método anticonceptivo”, do ano 2010, no que se describen moi brevemente distintos métodos anticonceptivos, dividíndoos en oito bloques: métodos cirúrxicos, anticoncepción de urxencia, anticoncepción hormonal, dispositivos intrauterinos, métodos de barreira, coito interrompido, método de lactación materna e métodos baseados no coñecemento da fertilidade.

Os métodos anticonceptivos baseados no coñecemento da fertilidade esixirían un alto grao de coñecemento corporal e non protexen contra as enfermidades de transmisión sexual, ademais de non ter fiabilidade; a divulgación que se realiza no folleto do Sergas é absolutamente escasa, sesgada e con datos moi cuestionables, como calificar de método anticonceptivo a “marcha atrás” e que esta teña unha eficacia “do 73 ao 96%”.

O xeito no que o Sergas divulga os métodos anticonceptivos baseados no coñecemento da fertilidade, así como o da lactación materna e a divulgación da “marcha atrás” como método anticonceptivo é irresponsable, pois apenas alerta dos riscos e preséntaos como métodos facilmente asequibles, polo que o folleto non cumpre coa premisa da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia, segundo a cal un consello anticonceptivo debe fornecer “información equilibrada



e obxectiva de cada método anticonceptivo para que no contexto do individuo ou da parella se escolla o máis idóneo, e así conseguir un óptimo estado de saúde sexual e reprodutivo”.

O folleto é do ano 2010, realizado antes das últimas Conferencias de Consenso da Sociedad Española de Contracepción.

Durante a crise produciuse un descenso do uso de métodos anticonceptivos seguros, polo que divulgar, como fai o Sergas, os métodos menos fiables indicando como vantaxe a súa gratuidade e asequibilidade é irresponsable neste contexto social.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta, para a súa resposta oral en Pleno:

- Considera responsable divulgar o folleto “O método anticonceptivo”, do ano 2010?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araújo

Macos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/04/2018 11:55:27

Paula Quinteiro Araújo na data 23/04/2018 11:55:35

Marcos Cal Ogando na data 23/04/2018 11:55:43



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para recuperación da pesquería do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros.

A captura do polbo representa arredor do 35% do total da actividade pesqueira na pesca artesanal, un sector que aglutina a uns 4.000 profesionais e unhas 60 confrarías.

É polo tanto un recurso de grande importancia para a flota de baixura en Galiza, xa que son moitas as embarcacións e mariñeiros que dependen desta especie para garantir ingresos positivos na súa pesquería.

Está a ser unha evidencia a importante caída das capturas e polo tanto das rendas dos mariñeiros que teñen esta especie como fonte importante de ingresos, nun ano con moitos temporais, que ocasionou a perda de moitas xornadas de traballo. Faise imprescindible medidas para mellorar o estado do recurso, que sirvan para frear o descenso de capturas.

Neste contexto a Consellaría do Mar acaba de acordar establecer unha veda de mes e medio a escomezar o 18 de maio, sen ningún tipo de axuda económica para o sector, o que vai ocasionar maior presión sobre outros recursos, en moitos casos xa con moita presión.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de non establecer unha veda totalmente subvencionada para evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2018 13:17:18

Ana Pontón Mondelo na data 23/04/2018 13:17:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/04/2018 13:17:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 13:20
Nº Rexistro: 29850
Data envío: 23/04/2018 13:20:27.814

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2018 13:17:29

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2018 13:17:30

Xosé Luis Bará Torres na data 23/04/2018 13:17:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Parlamento Europeo vén de emitir o seu informe sobre a situación dos dereitos fundamentais na Unión en 2016, con data 13 de febreiro de 2018, no cal anima a aos Estados membros a que adopten leis e políticas de loita contra a homofobia e a transfobia e insta á Comisión e ós Estados membros a que traballen en estreita cooperación coas organizacións da sociedade civil que traballan a favor dos dereitos das persoas LGBTI.

A Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, recolleu na exposición de motivos a igualdade das persoas e a non discriminación por orientación sexual baseado no artigo 14 da Constitución Española.

Foi a xurisprudencia do Tribunal Constitucional a que perfilou, a través das súas sentenzas, o contido da igualdade e non discriminación das persoas con diferente orientación sexual, e que derivan do fine do artigo 14 “e de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social” onde se atopa incluída de xeito implícito.

Entre outros documentos internacionais nos que se recolle de xeito explícito o dereito á non discriminación por orientación sexual podemos citar os Principios de Yogyakarta, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do ano 2000, onde prohibe a discriminación exercida por motivo de orientación sexual entre outras; a Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo,



sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gais, na que se insta todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas; a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006; a Resolución 17/19 do 2011, do Consello da ONU que reconece os dereitos dos colectivos LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero; as Directivas 2000/43/CE e 2000/78/C incorporadas a lexislación estatal mediante a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

En dita lei de Galicia, a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, na súa disposición adicional, recóllese a información ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta lei con carácter trianual, por parte da Xunta de Galicia.

Pasados os tres anos este informe non se remitiu a día de hoxe e nin tan sequera consta que se estea elaborando.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta oral en Pleno:



- Por que o Goberno da Xunta de Galicia non emitiu o informe trianual para dar cumprimento á Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 23/04/2018 15:42:22

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O infarto agudo de miocardio é un dos problemas sanitarios máis sensibles á resposta rápida que se poida dar á persoa afectada. As enfermidades do sistema cardiovascular son a primeira causa sanitaria de falecemento en Galicia, e máis de 1 000 persoas morreron en Galicia por infarto agudo de miocardio no ano 2016 (Instituto Nacional de Estatística 2016).

A planificación da atención por infarto agudo de miocardio resulta esencial para as consecuencias, tanto en termos de mortalidade como de control das secuelas que poida deixar. Como todos os expertos apuntan, unha rápida atención é esencial para a recuperación e control de consecuencias. A planificación da atención ao infarto agudo de miocardio vén sendo sinalada como unha grande eiva da Consellería de Sanidade, pola discutida organización dos centros que son referencia para as persoas pacientes, así como pola non atención 24 horas nos centros hospitalarios de Ourense e Lugo, o que supón que existen horas do día en que a poboación que ten como referencia eses centros hospitalarios, deben ser desprazados a Coruña ou Vigo, respectivamente, en caso sufrir un infarto.

En resposta aos problemas sinalados, a Consellería de Sanidade comprometeu no ano 2015 a creación do rexistro galego de infarto agudo de miocardio (Regaliam), para poder comprobar os datos referidos á atención nestas situacións, e a posibilidade de mellorar esta planificación. O compromiso de facer públicos os datos cada 6 meses cumpriuse só na primeira ocasión, na que se puido comprobar como algún dos problemas sinalados amosaba que a atención aos infartos debería darse 24 horas e non unicamente durante parte do día, pois as consecuencias eran gravosas para os pacientes derivados a outros

Grupo Parlamentario

centros máis afastados, como ocorría no caso de Lugo. A partir de aí, deixaron de publicarse os datos, a pesares de que dende a consellería se utilizan, en algunhas ocasións, o que evidencia que seguen a ser recollidos pero non poden ser consultados publicamente.

A única modificación tomada pola consellería foi a de ampliar a atención aos infartos agudos de miocardio en Lugo e Ourense ata as 22:00 horas, pero non de 22:00 horas a 08:00 horas do día seguinte, horario no que segue sen estar cuberta esa poboación nos tempos recomendados. Non existiu ningunha modificación na planificación que afecta aos pacientes da extinta área sanitaria de O Salnés, que seguen sendo enviados a Vigo cando, en boa parte dos casos, serían máis rapidamente atendidos no CHUS de Compostela, pola proximidade de dito centro.

En recentes datas, existen profesionais coñecedores a fondo do sistema sanitario de Galicia no referente á atención ás persoas infartadas, que reinciden na necesidade de mellorar estas cuestións, e poñen en dúbida a vontade de modificar e mellorar os aspectos relacionados coa planificación da atención ao infarto agudo de miocardio.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a súa planificación de atención ás persoas que sofren infarto agudo de miocardio é satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/04/2018 16:58:59

Noela Blanco Rodríguez na data 23/04/2018 16:59:05

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2018 16:59:10



 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2018 16:59:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A aprobación da nova Lei de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia 4/2017, do 3 de outubro, pon en evidencia a necesidade de que o seu articulado teña unha aplicabilidade real.

Ocorre, por exemplo, coa obriga que teñen os concellos de protección dos animais domésticos de compañía abandonados. Así, o día 18 deste mes a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicaba unha orde coas bases reguladoras das axudas nese senso, asignado unha contía de 100.000 euros “sen prexuízo do incremento orzamentario que se poida realizar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito”, importe que fai practicamente inviable aplicar a nova lei. A propia Fegamp, en ata tres informes internos, conclúe que cada concello vai ter que asumir anualmente entre 50 000 y 200 000 euros para facer fronte ao cumprimento da lei.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que é viable a aplicación da Lei de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia 4/2017, do 3 de outubro?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/04/2018 16:50:55

Raúl Fernández Fernández na data 23/04/2018 16:51:02

María Luisa Pierres López na data 23/04/2018 16:51:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O infarto agudo de miocardio é un dos problemas sanitarios máis sensibles á resposta rápida que se poida dar á persoa afectada. As enfermidades do sistema cardiovascular son a primeira causa sanitaria de falecemento en Galicia, e máis de 1 000 persoas morreron en Galicia por infarto agudo de miocardio no ano 2016 (Instituto Nacional de Estatística 2016).

A planificación da atención por infarto agudo de miocardio resulta esencial para as consecuencias, tanto en termos de mortalidade como de control das secuelas que poida deixar. Como todos os expertos apuntan, unha rápida atención é esencial para a recuperación e control de consecuencias. A planificación da atención ao infarto agudo de miocardio vén sendo sinalada como unha grande eiva da Consellería de Sanidade, pola discutida organización dos centros que son referencia para as persoas pacientes, así como pola non atención 24 horas nos centros hospitalarios de Ourense e Lugo, o que supón que existen horas do día en que a poboación que ten como referencia eses centros hospitalarios, deben ser desprazados a Coruña ou Vigo, respectivamente, en caso sufrir un infarto.

En resposta aos problemas sinalados, a Consellería de Sanidade comprometeu no ano 2015 a creación do rexistro galego de infarto agudo de miocardio (Regaliam), para poder comprobar os datos referidos á atención nestas situacións, e a posibilidade de mellorar esta planificación. O compromiso de facer públicos os datos cada 6 meses cumpriuse só na primeira ocasión, na que se puido comprobar como algún dos problemas sinalados amosaba que a atención aos infartos debería darse 24 horas e non unicamente durante parte do día, pois as consecuencias eran gravosas para os pacientes derivados a outros centros máis afastados, como ocorría no caso de Lugo. A partir de aí,

Grupo Parlamentario

deixaron de publicarse os datos, a pesares de que dende a consellería se utilizan, en algunhas ocasións, o que evidencia que seguen a ser recollidos pero non poden ser consultados publicamente.

A pesares dalgunhas modificacións respecto da atención aos infartados noutras áreas sanitarias, non existiu ningunha modificación na planificación que afecta ás persoas pacientes da extinta área sanitaria de O Salnés, hoxe reducida a distrito sanitario, que seguen sendo enviados a Vigo cando, en boa parte dos casos, serían máis rapidamente atendidos no CHUS de Compostela, pola proximidade de dito centro.

En recentes datas, existen profesionais coñecedores a fondo do sistema sanitario de Galicia no referente á atención ás persoas infartadas, que reinciden na necesidade de mellorar estas cuestións, e poñen en dúbida a vontade de modificar e mellorar os aspectos relacionados coa planificación da atención ao infarto agudo de miocardio. Sinaladamente apuntaron á necesidade de que as e os doentes afectados en O Salnés sexan derivados a Santiago e non a Vigo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a súa planificación de atención ás persoas que sofren infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria de O Salnés, hoxe distrito sanitario, é satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/04/2018 10:22:16



Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2018 10:22:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A loita contra as violencias machistas debe ser unha prioridade para todas as administracións públicas. A recuperación psicosocial das mulleres vítimas desta violencia é un proceso que precisa da intervención en rede de profesionais a través dunha metodoloxía sistémica e integral.

Precisamos mellorar os recursos existentes para que todas as mulleres teñan todo o respaldo institucional necesario e os recursos económicos e habitacionais correspondentes para afrontar co maior apoio posible este proceso.

Todos os recursos que tratan con mulleres vítimas de violencias machistas deben ser xestionados atendendo a criterios de especialización e perspectiva de xénero.

As casas de acollida permiten que as mulleres teñan unha saída de vivenda e apoio psicolóxico para os momentos iniciais.

Na cidade de Ourense, a Casa de Acollida de vítimas de violencias machistas leva anos sendo xestionada por unha fundación relixiosa vinculada á Igrexa Católica. En diversas ocasións, as monxas adoratrices da Fundación Amaranta foron as únicas que puideron acceder ao concurso para a xestión desta.

Isto pode deberse ás facilidades para axustarse ao presuposto, xa que a maioría das horas de traballo impútanse a unha parte da plantilla que non cobra ningún salario.



No recente proceso de adxudicación, o pasado mércores 4 de abril, ningunha empresa presentou ofertas para obter a adxudicación deste servizo. Un concurso cun valor estimado de 100.000 euros anuais máis impostos sobre o valor engadido, e un prazo de dous anos prorrogables polo mesmo período.

Un recurso como este debera estar xestionado exclusivamente por profesionais con formación e experiencia específica en materia de xénero, porque só así se poderá garantir a mellor atención a estas mulleres e as súas familias.

O Alcalde anunciou que convocará un novo procedemento, para que continúe o servizo a partir do mes de Xuño, data onde termina a última das prórrogas do convenio actual. Este descarta polo momento remunicipalizar o servizo, a pesar de que en cidades coma A Coruña, Ferrol ou Lugo, o servizo sexa de xestión municipal directa.

Segundo recolle a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, "os concellos deben ofrecer a estas mulleres e as súas familias a protección, as condicións de recuperación persoal e o acompañamento necesarios para a organización da súa vida autónoma".

Dentro das súas competencias no ámbito de Igualdade, a Xunta debería promover que a xestión da casa de acollida en Ourense para vítimas de violencia de xénero sexa realizada directamente polo Concello como a mellor forma de garantir unha atención axeitada a estas mulleres e as súas familias

Polo anterior, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia de que a xestión da Casa de Acollida de Ourense se realice por parte dunha fundación relixiosa?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/04/2018 11:42:56

Paula Vázquez Verao na data 24/04/2018 11:43:02

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2018 11:43:06

Marcos Cal Ogando na data 24/04/2018 11:43:09



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O profesorado da comunidade autónoma de Galicia sufriu e sofre as consecuencias dunha política de empeoramento das súas condicións laborais en múltiples ámbitos; dende os horarios de traballo ata as súas retribucións.

Tras a mensaxe populista e falaz de que o Goberno do Partido Popular é quen de facer máis con menos, existe a realidade da redución do número de docentes e as súas retribucións, así como a perda de posición relativa neste último ámbito entre os docentes do Estado.

Como saben perfectamente os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, os representantes do profesorado e o Goberno da comunidade autónoma foron quen de chegar no ano 2003 a un acordo de mellora retributiva que situaba ao colectivo no posto sexto en retribucións dentro do Estado. Evidentemente, debería ser innecesario lembrar que nese ano era o Partido Popular quen tiña a responsabilidade de goberno.

Ese acordo, entre partes responsables e que tiñan un obxectivo común, foi levado a cabo entre os anos 2003 e 2006 e supuña un incremento mensual de 100 € ao remate (o 1 de outubro de 2006) da súa temporalización. Tamén se incluíu unha cláusula de revisión para o caso de que esa posición relativa, ese sexto lugar, variase como consecuencia de incrementos retributivos noutras comunidades autónomas.

Dándose as previsións que contiña a cláusula de revisión, no ano 2007 (neste caso cun goberno do PSdeG-PSOE na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), chégase a un novo acordo baixo a mesma premisa que no ano 2003, é dicir, que o profesorado galego estivese na sexta posición retributiva do Estado. Este acordo supuxo un incremento de 150 € mensuais que se acadaría en tres anos (o 1 de xaneiro de 2009 estaría completo).



Grupo Parlamentario

Resulta necesario indicar que neste momento, ano 2018, a situación é a mesma que no ano 2003 e 2006 como se deduce dos estudos comparados que distintas organizacións sindicais teñen realizado e que sitúan no posto número 11º ao profesorado de entrada e no 10º ao de saída (é dicir, con cinco sexenios cumpridos).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Parece máis que razoable que ante a mellora da situación económica, mellora na que participaron de forma máis comprometida que outros profesores do Estado xa que sufriron máis recortes e empeoramento das súas condicións de traballo, o profesorado recupere a súa posición relativa como no pasado, que foi froito dun amplísimo acordo coa Administración.

Nas últimas datas, diversas organizacións sindicais puxéronse en contacto co Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE, coa finalidade de trasladarnos as súas demandas e solicitar o noso apoio. Apoio que teñen por ser razoables e xustas as súas pretensións.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que se deben seguir mantendo as actuais condicións retributivas do profesorado galego?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2018 12:15:42

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/04/2018 12:15:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre as medidas que ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para erradicar a Xylella Fastidiosa no caso de que entre na nosa Comunidade Autónoma.

A Xylella Fastidiosa está presente xa en catro comunidades autónomas, tras a aparición do último caso declarado na provincia de Almería.

Foi nas Illas Baleares onde se rexistrou o primeiro caso; despois apareceu na Comunidade Valenciana; fai dúas semanas en Madrid e, por último, o pasado martes en Andalucía.

Esta praga pode afectar á oliveira, á vide e aos frutais.

As primeiras análises da trazabilidade das plantas nas que se detectou a bacteria apuntan a que chegou doutros países da UE.

O Ministerio de Agricultura ten un plan de control dende o ano 2014 pero recoñece que sabe moi pouco desta enfermidade polo que “iran xestionando o problema o mesmo tempo que van aprendendo”.

Despois de ver as últimas actuacións da Xunta na xestión de pragas como pode ser a couza guatemalteca, a vespa do castiñeiro, o nematodo ou a vespa velutina, entre moitos outros, o Grupo Parlamentario de En Marea, realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para erradicar esta praga no caso de que a Xylella Fastidiosa entre na nosa Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 24/04/2018 13:05:22

Paula Quinteiro Araújo na data 24/04/2018 13:05:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a situación das bibliotecas galegas.

A principios do mes de abril o Instituto Nacional de Estatística fixo públicos os datos da *Estatística de Bibliotecas* correspondente ao ano 2016. Datos que ano a ano veñen evidenciando as consecuencias dos recortes orzamentarios que se produciron dende o inicio da crise. Estes últimos datos de 2017 volven destacar a baixada tanto no número de bibliotecas como no persoal destinado a elas, o número de usuarias, de visitas en sala e préstamos.

No que se refire ao número total de bibliotecas podemos comprobar que entre o anos 2006 e o 2016 en Galicia perdéronse máis de 100 unidades, pasando de 591 a soamente 486, é dicir, un 17% menos. Ademais, destas 486, só 115 abren máis de 40 horas á semana, sendo o máis habitual que o horario de apertura ao público se sitúe entre as 20 e as 40 horas (269); hai, ademais, un bo número que da servizo moito menos tempo cada semana: 64 entre 10 e 20 horas e outras 38 menos de 10 horas semanais.

Pola banda das traballadoras e traballadores o número tampouco fixo máis que descender. Se en 2008 había 1.312 empregados e empregadas (contabilizadas en xornadas laborais completas), en 2016 a cifra baixou ata as 1.236.

No que atinxe ao número de usuarias e usuarios, despois dunha tendencia á alza que permitiu acadar 1.029.586 de usuarias e usuarios en 2012, a cifra baixou ata 989.122 persoas en 2016. Na mesma liña as visitas en sala descenderon en máis de 2'5 millóns e os préstamos en 300.000.



Situación que a Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia (Bamad-Galicia) vén denunciando de xeito reiterado, alertando desta situación xeral e os problemas particulares que sofren unha parte dos traballadores e traballadoras das bibliotecas, moi precarizados.

Liña na que tamén se manifestou recentemente o Consello da Cultura Galega que alerta que "a situación de moitas bibliotecas, é mellorable, principalmente pola carencia de persoal".

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas ten previstas o Goberno galego para revertir esta situación?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/04/2018 13:27:17



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2018 13:27:24

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Hai pouco soubemos que a oficina do Defensor del Pueblo se dirixiu ás consellerías de Economía e Industria e de Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil coa fin de coñecer o estado dos procesos de restauración e o impacto medioambiental provocado polas explotacións de lousa xa abandonadas na comarca de Valdeorras, na provincia de Ourense. A propia institución concluíu no seu informe anual que as administracións non coñecen con precisión o estado das explotacións mineiras.

É obriga da Xunta de Galicia comprobar o seguimento e vixilancia no cumprimento da normativa mineira autonómica, sobre todo na corrección das situacións de abandono, e da Confederación Hidrográfica comprobar o seguimento dos deberes de restauración dos danos e prexuízos producidos ao dominio público hidráulico. Sobre todo porque, producido o dano ambiental, hai moitas dificultades para reparalo, tales como a imposibilidade de localizar aos responsables, a súa insolvencia, a prescrición das infraccións ou a caducidade dos procedementos sancionadores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que actuacións ten previsto desenvolver o Goberno galego para a reparación dos danos ocasionados polas explotacións de lousa xa abandonadas na comarca de Valdeorras, na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López



Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/04/2018 16:55:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/04/2018 16:55:24

Noela Blanco Rodríguez na data 23/04/2018 16:55:29

Raúl Fernández Fernández na data 23/04/2018 16:55:34

María Luisa Pierres López na data 23/04/2018 16:55:38

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 10 de novembro publicouse no DOG o decreto 105/2017 de 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu capítulo II refírese aos “tempos máximos de acceso e sistema de garantías”.

Así, no seu artigo 5 establece que para os procedementos e situacións clínicas que se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, as persoas que requiran atención sanitaria hospitalaria de carácter programado e non urxente terán garantida esa atención nuns tempos máximos mais reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

Os, ata o de agora, 180 días das normativas estatais e galega, pasan a converterse nun máximo de 60 para cirurxías e 45 para consultas externas e probas diagnósticas e/ou terapéuticas, contados en días naturais a partir da data de inclusión no rexistro de pacientes en espera, creado nesta mesma lei de garantías, no seu artigo 29.

A lei consolida a gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta.

Transcorridos xa uns meses dende a publicación deste decreto, e da entrada en vigor do mesmo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que datos pode facilitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre os resultados do cumprimento do decreto de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/04/2018 14:13:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/04/2018 14:13:57

María Ángeles Garcia Míguez na data 24/04/2018 14:14:03

Marta Rodriguez Arias na data 24/04/2018 14:14:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/04/2018 14:14:18

María Soraya Salorio Porral na data 24/04/2018 14:14:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2018 14:14:34

Raquel Arias Rodríguez na data 24/04/2018 14:14:41

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/04/2018 14:14:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á reclamación de Carmen Martínez-Bordiu do título nobiliario de “Duquesa de Franco, con Grandeza de España”.

Carmen Martínez-Bordiú Franco, neta do xeneral golpista, vén de reclamar para si un título nobiliario que lle foi outorgado a súa nai polo entón rei Juan Carlos. O título de “Duquesa de Franco, con Grandeza de España” foi concedido a Carmen Polo o 27 de novembro de 1975, unha semana despois do pasamento do ditador. Agora forma parte da suculenta herdanza familiar que está valorada en máis de 500 millóns de euros e que inclúe o Pazo de Meirás e a Casa Cornide.

A concesión do título foi recollida nun decreto do BOE no que o novo rei se expresaba do seguinte xeito:

“Deseando dar una muestra de mi Real aprecio a doña Carmen Franco Polo, Marquesa de Villaverde, y en atención a las excepcionales circunstancias y merecimientos que en ella concurren.

Vengo en concederle la Merced Nobiliaria de Duquesa de Franco, con Grandeza de España, para sí, sus hijos y descendientes, exento de derechos fiscales en su creación y en la primera transmisión.

Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid a veintiseis de noviembre de mil novecientos setenta e cinco”.



Así, o decreto contempla a transmisión do título que agora reclama a neta do ditador de infame recordo. A súa solicitude recóllese no BOE do 26 de marzo de 2018:

“La sucesión en el título de Duque de Franco, con Grandeza de España, ha sido solicitada por doña María del Carmen-Bordiú Franco, por fallecimiento de su madre, doña Carmen Franco Polo...”

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) decidiu poñer o asunto a disposición da Fiscalía por considerar que “haber dado un golpe de Estado el 18 de julio de 1936, haber asesinado a 114.226 personas que fueron hechas desaparecer, haber violado y humillado a decenas de miles de mujeres, haber enviado al exilio a medio millón de personas, haber encarcelado a homosexuales e ingresado en centros psiquiátricos a lesbianas, haber robado a punta de pistola cientos de miles de propiedades, que hoy no están en manos de sus legítimos dueños, haber utilizado esclavos políticos hasta 30 años después de terminada la guerra, y haber sido parte de una familia que se aprovechó de cuarenta años de terror y de corrupción política y económica para obtener una fortuna construída desde el saqueo y la violencia” non son motivos para honrar a ningún cun título. Ademais, a ARMH considera que a entrega do mesmo podería constituír un delito polo feito de enaltecer a ditadura, a violencia política e o terrorismo do Estado; ademais de por humillar e maltratar ás vítimas do franquismo.

A denuncia é moi pertinente, xa que na actualidade unha trintena de herdeiros franquistas conservan os títulos nobiliarios outorgados polo ditador aos seus antepasados para agradecer as súas accións ao servizo do réxime. Se isto sucede é porque contaron coa conivencia de tódolos Gobiernos democráticos dende



Adolfo Suárez ata os nosos días. Ningún executivo tivo a vontade de rematar cos absurdos privilexios que supoñen os títulos nobiliarios.

Ao mesmo tempo, descubrimos, xa sen incredulidade, que nos Orzamentos Xerais do Estado (OXE) para o ano 2018 non hai un só euro destinado á memoria histórica. Os máis de 114.000 cadáveres que seguen nas 2.500 fosas comúns do país terán que continuar agardando a que algún Goberno lembre que a historia de España non comezou no ano 1978. Iso si, a partida asignada á Casa Real prevé un aumento do 0,9%.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que lle parece ao Goberno da Xunta que aínda hoxe os herdeiros dos principais actores do franquismo sexan recoñecidos con títulos nobiliarios?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2018 14:00:28



Luca Chao Pérez na data 24/04/2018 14:00:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

As organizacións sindicais CCOO, UGT, CIG e Sagap comunicaron a convocatoria de folga que afectará a todo o persoal do Hospital Comarcal de Monforte a desenvolver, en principio, de 8:00 a 24:00 horas dos días 24 e 26 de abril de 2018, coa posibilidade de continuar indefinidamente en sucesivas semanas, nos mesmos días e horas.

No DOG do 23 de abril de 2018 publícase a Orde do 19 de abril de 2018 pola que se determinan os servizos mínimos durante dita folga, servizos mínimos que, a xuízo do comité de folga, son abusivos.

O día 24 de abril, o comité de folga e o propio persoal detectou unha reestruturación dos servizos mínimos decidida unilateralmente pola Xerencia executiva do Hospital Comarcal de Monforte, circunstancia que xa foi posta en coñecemento da xustiza por parte do comité de folga.

Ao ser folga nun servizo público, está regulada polo Decreto 155/1988, do 9 de xuño, que no seu artigo 2 establece que os servizos sanitarios terán condición de esenciais. No artigo 3 deste Decreto, facúltase aos conselleiros ou conselleiras competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para



asegurar o mantemento dos tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación. É dicir, debe ser a Consellería mediante Orde, publicada no DOG, a que estableza os servizos mínimos.

En Marea apoia a folga convocada polas organizacións sindicais CCOO, UGT, CIG e Sagap do Hospital Comarcal de Monforte e maioritariamente seguida polo persoal e asume as súas reivindicacións, en canto ampliación de plantilla para cubrir con dignidade os servizos, fin das derivacións sistemáticas de probas e tratamentos á privada, fin das longas listas de agarda, modificación unilateral das carteleiras, etc.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben, formulan a seguinte Pregunta á Xunta, para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta ante esta actuación unilateral da Xerencia do Hospital Comarcal de Monforte?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/04/2018 16:28:35

Eva Solla Fernández na data 24/04/2018 16:28:42

Luis Villares Naveira na data 24/04/2018 16:28:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e **Marcos Cal Ogando**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Consello Galego das Mulleres é un órgano creado na disposición adicional quinta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. É un órgano colexiado e institucional de Galicia, que ten carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade. Serve para que exista unha vinculación entre o tecido asociativo do conxunto da sociedade civil, e as Administracións Públicas.

1. Ao Consello Galego das Mulleres correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elevar propostas e iniciativas aos poderes públicos galegos, en relación cos fins que lle son propios, e instalos a que garantan o cumprimento do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo en todos os ámbitos cando lle sexan solicitadas.
- b) Elaborar informes referidos á situación e perspectivas de igualdade entre mulleres e homes en Galicia e ás medidas necesarias para avanzar nestas materias, por iniciativa propia ou cando lles sexan solicitados por calquera dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

- c) Proponer medidas de información e educación aos poderes públicos de Galicia que teñan como obxectivo implicar, orientar, concienciar e sensibilizar a sociedade sobre os valores da igualdade entre mulleres e homes, cando lle sexan solicitadas.
- d) Fomentar a comunicación, relación e intercambio entre organizacións de mulleres e outras entidades que teñan como fin a participación social e representación das mulleres.
- e) Cooperar con outras entidades ou órganos de participación e representación social da Comunidade Autónoma para promover a adopción de medidas dirixidas á igualdade de mulleres e homes no seu ámbito de acción.
- f) Investigar, coñecer e divulgar a realidade das mulleres galegas, concretamente no ámbito da violencia de xénero, para colaborar de maneira máis efectiva na súa eliminación.
- g) Proponer, se é o caso, a adopción de medidas relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito do emprego e das relacións laborais.
- h) A elaboración por iniciativa propia ou por solicitude da Xunta de Galicia a través da consellería competente en materia de traballo e do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, de estudos, informes ou consultas no ámbito do emprego e das relacións laborais.
- i) A colaboración coa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva no desenvolvemento de



todas as funcións que lle son atribuídas polo artigo 22 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

j) Calquera outra función relacionada cos seus fins que se lle poida encomendar.

Moitas asociacións de mulleres, e colectivos feministas, teñen un papel fundamental na loita contra as violencias machistas. Por iso, a súa opinión e o diálogo constante con estas é imprescindible.

Quince persoas están presentes, en representación das asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas cuxo ámbito de actuación estea dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pero moitos colectivos e asociacións quedaron fora na actual composición do Consello Galego das Mulleres.

A duración do mandato é de catro anos para as representantes de asociacións. Ao remate deste período, se non se produciu a elección das novas, as persoas que compoñen este órgano continuarán en funcións.

Por todo o anteriormente exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Vaise abrir un novo proceso para a selección das persoas representativas de asociacións ao pasar xa catro anos dende o nomeamento e faltar algunhas representativas?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.



Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/04/2018 18:10:30

Marcos Cal Ogando na data 24/04/2018 18:10:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai case un ano que as traballadoras e traballadores do Hospital Comarcal de Monforte dirixiron un escrito á dirección do hospital, no que solicitaban unha renovación de mobiliario e aumento de persoal, debido a deficiencias que estaban notando de índole xa estrutural que repercutían directamente na calidade asistencial. Todo isto nun contexto de poboación envellecida cunhas determinadas patoloxías que provocan por exemplo, que moitas das persoas que atenden sexan dependentes en canto a mobilidade e realización de actividades vitais.

A non ampliación da plantilla de persoal que leva xa máis de dez anos sendo deficitaria, o peche de plantas no verán, os movementos do persoal a outros servizos en lugar de cubrir mediante listas de contratación, provocan unha presión asistencial no persoal sanitario, baixa calidade asistencial e longas listas de espera que son solucionadas con derivacións á privada.

A día de hoxe, e pese a ter trasladado este grupo o debate no Parlamento, a dirección fai oídos xordos da situación, que se agrava cada día ao non por solución a ningunha das eivas denunciadas. As traballadoras e traballadores, denuncian a nula negociación da dirección ante problemas que se recoñecen de xeito oficioso pero dos que non se ten a vontade de solucionar pese ás consecuencias que están a ter, especialmente por parte da subdirectora de enfermería, así como o cambio das carteleiras de xeito unilateral sen negociación nin cos propios representantes sindicais.



Unha situación que solo ten trazas de empeorar coa entrada en vigor da modificación da Le de saúde coa desaparición da área sanitaria e polo tanto cunha perda aínda máis grande de capacidade de xestión e decisión.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte

PREGUNTA:

- Cando ten pensado o Goberno atender e solucionar as demandas das traballadoras e traballadores do Hospital Comarcal de Monforte?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/04/2018 18:10:54

Paula Vázquez Verao na data 24/04/2018 18:11:04

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A estrada AC-121 é unha estrada autonómica cunha lonxitude de 13,5 km e que comunica a AC-564 do concello da Capela coa DP-3503 nos límites dos concellos da Capela, Neda e Fene e ca DP-5503 no concello de Neda.

A AC-121 é unha estrada de 10 metros de ancho e 2 carrís. Unha estrada sen beirarrúas nin beiravías, que discorre ao longo de varios lugares do concello da Capela, pola que transitan persoas, bicicletas, automóbiles, camións, maquinaria agrícola, etc, significando iso, que a seguridade para as persoas e as bicicletas é moi baixa.

A estrada AC-121 ao seu paso polo lugar dos Calzados, no concello da Capela, a través dun camiño municipal é un punto de entrada e saída ao Monte Forgoselo, espazo ao que moita xente acode para practicar distintos tipos de deportes ao aire libre, como pode ser o sendeirismo, rutas de bicicletas, probas de orientación, etc, pero tamén é nesta estrada na intersección coa AC-564 no lugar das Filgueiras, no concello da Capela, onde a estrada AC-564 xa conta con beiravías o que leva a esta xente aos camiños municipais do concello da Capela para entrar no Parque Natural Fragas do Eume.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego levar a cabo as accións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica AC-121?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/04/2018 12:53:22

Raúl Fernández Fernández na data 25/04/2018 12:53:30

María Luisa Pierres López na data 25/04/2018 12:54:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En A Cañiza, a Carballeira do Cacharado (antigo Campo da Feira Vella) constitúe o centro da área recreativa na vila, unha masa arbórea de carballos que ocupa uns 6 000 metros cadrados e que está cercada por un pequeno muro de granito dun metro de alto. Alí celebran os veciños e veciñas a coñecida «Feira do Xamón».

Aparentemente para potenciar este espazo emblemático como parque urbano, houbo reformas en 2013 e prevíronse máis obras en 2016 (nos dous casos, conxuntamente entre o Concello e a Xunta de Galicia), consistindo esta última na colocación de novas luminarias e na renovación -mellor dito, eliminación- de mesas de pedra.

Nestes días estase a realizar unha nova obra na carballeira e que semella consistir na invasión aproximada dun metro e medio lineal -e que chega a algo máis de tres metros no tramo final- e medio metro na calzada anexa, para crear, aparentemente, unha ducia de aparcadoiros.

Nunha zona delimitada como verde no plan urbanístico. Esta obra vai en contra da tendencia actual de humanización dos espazos públicos en favor dos peóns, da prioridade na peonalización, e está a causar moito malestar entre os veciños e veciñas do concello que a identifican como un ataque a este lugar emblemático. Sen esquecer que primeiro se gastaron cartos en eliminar mesas e agora se gastan en eliminar espazo verde para poñer coches.

E a responsabilidade deste desleixo, de novo, é do Concello de A Cañiza e da Xunta de Galicia, aparentemente os dous responsables das obras, polo que o propio Grupo Municipal Socialista solicitou xa por escrito o día 23 de abril o expediente desta obra impulsada polo alcalde e o seu equipo de Goberno.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que consisten as obras que se están a facer na Carballeira do Cacharado, no concello de A Cañiza?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/04/2018 13:50:35

Raúl Fernández Fernández na data 25/04/2018 13:50:42

María Luisa Pierres López na data 25/04/2018 13:50:46

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Fermín Losada Álvarez e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo recollen os medios de comunicación do día 24 de abril de 2018, o Sr. presidente da Xunta de Galicia, acompañado da delegada da zona franca do Porto de Vigo, D^a Teresa Pedrosa, e accidentalmente polo Sr. Román Rodríguez, presentaron o que parece ser un gran centro virtual de formación profesional.

E dicimos o anterior porque parece ser que, salvo erro interpretativo dos medios de comunicación ou erro explicativo do Sr. presidente da Xunta de Galicia, este novo ente parece concibido para aglutinar 16 centros de Formación Profesional de Vigo, Redondela, Nigrán, Baiona e Porriño. Sendo as construcións pouco tolerantes aos movementos, parece forzoso concluír que se trata dunha aglutinación virtual, funcional ou mesmo administrativa.

Sexa como sexa o ente que ten concibido o Goberno galego, parece ser que os seus obxectivos son, entre outros:

- 1^a) Organizar unha estratexia de colaboración conxunta.
- 2^a) Coordinar actividades e programas para optimizar recursos.
- 3^a) Adaptarse ás necesidades do tecido empresarial.
- 4^a) Fortalecer a FP dual, e
- 5^a) Crear novos espazos de oportunidades para o alumnado, entre outros.

Parece ser que no ano 2019 a Xunta de Galicia e a Zona Franca iniciarán a construción do primeiro campus de FP en Vigo, que parece ser que se rematará no ano 2020 e que terá un custo de 12,6 millóns de euros (5,5 que investirá a Zona Franca e 7,1 que investirá a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en mantemento e profesorado), cantidade que daría para a construción de catro novos centros ou a remodelación de vinte e catro.



Grupo Parlamentario

Este grupo parlamentario ten o máximo interese en coñecer os detalles desta, aparentemente brillante e necesaria creación, polo que pregunta:

Considera o Goberno galego que no caso da bisbarra de Vigo ten evidenciado a súa incapacidade para dar a resposta correcta ás necesidades do sector produtivo na bisbarra olívica?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/04/2018 13:22:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/04/2018 13:22:25

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/04/2018 13:22:33

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Despois das queixas manifestadas durante o ano 2017, federacións deportivas galegas veñen de denunciar de novo a progresiva redución do investimento da Xunta de Galicia no deporte, e especificamente a minoración de axudas ao tecido federativo, mesmo para a prestación de funcións públicas delegadas no ámbito deportivo polo propio Goberno galego.

Así, o orzamento dedicado ao deporte galego reduciuse na última década nun 49 %, pasando de 41,9 millóns de euros en 2008 aos 21,9 millóns asignados en 2018. As obrigas recoñecidas no programa 441A-Promoción da actividade deportiva- reducíronse nun 44 %, pasando de executarse 40,1 millóns de euros en 2008 a 22,6 millóns en 2017.

A asignación de subvencións ás federacións deportivas galegas sufriu unha minoración do 29 % entre 2010 e 2018, pasando de 5 millóns de euros en 2010 aos 3,6 millóns previstos, polo de agora, para 2018, poñéndose en perigo incluso o desenvolvemento das funcións públicas delegadas pola propia Administración autonómica nas federacións.

Cómpre ademais que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, faga públicos os baremos dos convenios que subscribe coas federacións deportivas, para dotar ao sector da máxima transparencia e rigor no seu financiamento.

Polo exposto, novamente, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para garantir a suficiencia financeira das federacións deportivas galegas no período 2018-2020?



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/04/2018 12:30:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/04/2018 12:31:03

Julio Torrado Quintela na data 25/04/2018 12:31:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/04/2018 12:31:15

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia acaba de denunciar a grave situación na que se atopa o Centro Dramático Galego, un dos centros de produción cultural máis importantes do noso país pero que leva anos sufrindo un abandono moi preocupante por parte da Xunta de Galicia e ten graves problemas de funcionamento.

Así, a Asociación de Actores e Actrices incide no descenso da súa actividade cunha cada vez máis reducida produción propia que agora é tan só dunha obra por tempada e por riba realizase con elencos moi reducidos o que, unido á diminución da actividade, o leva a deixar de constituír un impulso ao sector teatral como é a obriga dun centro de produción público.

Ademais existe un claro problema de distribución dado que a obra máis recente, *Martes de Carnaval*, só estivo en sete cidades galegas polo que o CDG tampouco cumpre a súa labor de levar a cultura teatral aos galegos e galegas de todo o país, suplindo os problemas que poida ter a iniciativa privada.

Os profesionais unen a burocratización que interfere no funcionamento da CDG, o que se viu claramente o ano pasado coa dimisión da metade do tribunal encargado de seleccionar o elenco de *Martes de Carnaval*, ao impoñer o AGADIC procesos pouco adecuados para a realidade da produción teatral.

E por riba, agora parece que o AGADIC quere cambiar a forma de xestión do CDG dado que adxudicou a contratación da dirección, dramaturxia, tradución e interpretación da obra *Divinas Palabras* polo sistema de negociado sen publicidade por 76.000 euros. Isto supón unha externalización polo que o CDG non ten ningún control sobre o

Grupo Parlamentario

desenvolvemento da posta en marcha da obra, cousa que nunca se dera e que non se entende que beneficios reporta ao CDG.

O goberno do PP presidido polo Sr. Feijoo nunca tivo unha política positiva e de apoio ao CDG, valga recordar como estivo un ano sen dirección e sobre todo o fortísimo descenso dos seus orzamentos, baixando de 1.150.000 euros en 2009 a uns vergoñentos 250.000 euros en 2018.

A verdade é que a actitude do goberno do presidente Feijoo parece indicar unha vontade de terminar co CDG, creado fai máis de trinta anos como resposta ás demandas do sector escénico, o que non é aceptable.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación do Centro Dramático Galego?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/04/2018 18:29:02

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 25/04/2018 18:29:11

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A perda de produción marisqueira en Galicia é unha realidade que se vén comprobando nos últimos anos. Dende 2009 perdéronse numerosos permisos de explotación, xa que naquel momento existían en torno a 6 500 permisos, mentres que no ano 2017 iniciouse con 3 799. As queixas e reclamacións do sector son continuas, e os datos sobre o marisqueo seguen sendo baixos e dificilmente sustentables. Existen problemas de contía e de produción nos bancos marisqueiros, e as confrarías galegas comprobamos como, sistematicamente, as súas demandas se ven apartadas e os problemas que poden ser causa das dificultades de produción son esquecidas.

Nos últimos tempos, a Consellería de Mar vén promovendo a idea da cesión dos espazos de libre marisqueo para que sexan xestionados polas propias confrarías, liberando as responsabilidades propias. Esta idea vén estando posta en dúbidas por boa parte do sector, que ve como un intento de desentenderse dunha xestión que debería corresponder á administración, e que se promove con demasiada incerteza pois existen contornos nos que é necesario coordinar a un número elevado de confrarías, con pesos distintos das diferentes artes e tipos de traballadores/as.

A pesares destes problemas sinalados polo sector, a persistencia da Consellería do Mar en abandonar as responsabilidades propias, obriga ás confrarías a afrontar a situación de instaurar novas fórmulas de xestión dos espazos de explotación.

Particularmente, na ría de Arousa existe unha proposta de 6 confrarías para a xestión dos espazos que corresponderían ao conxunto da ría, no que existen outras 6 confrarías que, inicialmente, manifestaron non concordar inicialmente coa idea. Isto leva a unha situación de

Grupo Parlamentario

confrontación, que é un problema dos sinalados previamente entre as dificultades que este desleixo de responsabilidades da consellería pode provocar como o propio Grupo Parlamentario Socialista ten advertido no Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da proposta feita por unha parte das confrarías da ría de Arousa sobre a xestión de espazos de explotación?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/04/2018 18:43:44

María Dolores Toja Suárez na data 25/04/2018 18:43:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O tráxico accidente acontecido na praia de As Catedrais o sábado 31 de marzo puxo de manifesto as deficiencias do lugar en materia de prevención de riscos. O seu “plan de seguridade” consiste unicamente nun folleto online que advirte acerca do perigo de desprendementos nas grutas e nun conxunto de carteliños e sinais ubicados no propio espazo que prohiben aos visitantes abandonar o sendeiro habilitado e achegarse ao borde.

Agora ben, de pouco serven as advertencias e as indicacións se, como é o caso, non se poñen os medios materiais e humanos a disposición dos visitantes para que velen pola súa propia integridade. As alertas mencionadas só están presentes durante a Semana Santa e o verán, que son os períodos nos que se controla o volume de xente coa intención de protexer o patrimonio natural e conservar a contorna. O resto do ano non hai ninguén encargado da seguridade. Por non haber, non hai nin sequera cascos que os visitantes poidan poñer ao entrar nas grutas.

Nun medio natural e agreste como o de As Catedrais non é posible anticipar cando haberá desprendementos de rochas, polo que as alertas ten que ser constantes, sobre todo nos períodos de maior risco, como son os de fortes choivas. Así o recoñecen os propios informes técnicos que manexa a Xunta de Galicia, a pesar do cal a Conselleira de Medio Ambiente se limita a dicirlle aos



visitantes que teñen que “extremar as precaucións” sen indicarlles como e sen poñer os medios técnicos precisos ao seu alcance.

O feito é que, na práctica, o areal carece de plan de emerxencias e de equipamento sanitario. O único que ten é servizo de socorrismo no verán. Así é que a muller que sufriu o accidente tivo que ser trasladada a unha zona máis segura por outros visitantes e tivo que agardar a chegada dos servizos sanitarios, que intentaron reanimala, sen éxito.

Esta situación é posible, en gran medida, porque ninguén quere facerse cargo das competencias de seguridade. A Consellería de Medio Ambiente, que se ocupa fundamentalmente de garantir a masificación turística ano tras ano, di que so lle atinxe a protección do patrimonio natural; o Concello de Ribadeo afirma que non lle corresponde a xestión do areal e que, aínda que lle correspondera, non dispón dos medios persoais e económicos para ofrecer ningún servizo; Costas tamén se lava as mans; e Estudos Técnicos Topysa, a empresa que controla o acceso á praia grazas a un contrato firmado coa Xunta, defende que non se comprometeu a nada que tivera que ver coas cuestións sanitarias ou as emerxencias.

A praia de As Catedrais está agora de actualidade polo sucedido, pero non é, nin moito menos, unha excepción á regra. Ao contrario. É un caso paradigmático da desatención que mostra o Goberno da Xunta cara a seguridade e o benestar dos turistas e visitantes. Nin nas illas Ons, nin nas illas Cíes, nin nas Fragas do Eume, nin en Fisterra, nin no Cebreiro, nin nos canóns do Sil, nin nas termas públicas de Ourense, nin no castro de Santa Tegra, nin en Corrubedo, nin en Baroña... existen servizos de emerxencia que garantan a seguridade dos visitantes. A seguridade e a protección da paisaxe e da contorna natural, terían que ser dous dos eixos centrais da política de turismo da Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que avaliación fai o Goberno da Xunta dos plans de emerxencias dos espazos turísticos galegos?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 25/04/2018 19:10:13

Antón Sánchez García na data 25/04/2018 19:10:20

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Defensor do Pobo vén de sacarlle as cores (outra vez) ás consellerías de Economía e Industria, e de Medio Ambiente, así como á Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), por non cumprir coas súas obrigas no que respecta ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras. Nun escrito do 18 de maio do ano pasado, relativo a unha queixa recibida na súa oficina, o Defensor recrimínalle á Consellería de Economía que a información que remite “no acredita el correcto ejercicio de las potestades que tiene atribuidas por el ordenamiento jurídico para garantizar que la minería se desarrolle de forma sostenible y con respeto al medio ambiente”. A súa opacidade é subliñada polo texto: “La Consejería no informa con suficiente detalle sobre los resultados de las inspecciones practicadas en relación con el daño ambiental causado, ni del cumplimiento por los operadores de las obligaciones ambientales impuestas; ni tampoco sobre la suficiencia de las garantías prestadas para acometer la restauración ambiental, ni sobre las actuaciones realizadas o en curso para reparar dicho daño, ni de las explotaciones abandonadas”. O escrito tamén lembra que “[la] normativa minera regula numerosas cuestiones de carácter ambiental que deben ser aplicadas y controladas principalmente por la Consejería de Economía”. A dita Consellería correspóndelle a “comprobación de que la entidad explotadora ha adoptado todas las medidas necesarias para prevenir o reducir en lo posible cualquier efecto negativo sobre el medio ambiente y sobre la salud de las personas derivado de la investigación y aprovechamiento de recursos minerales. Dichas medidas incluyen la gestión de los residuos mineros y de todas



las instalaciones de residuos también con posterioridad a su cierre, así como la prevención de accidentes graves que puedan ocurrir en las instalaciones, y la limitación de sus consecuencias para el medio ambiente y la salud humana”.

No que atinxe á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Defensor do Pobo di que “se deduce que no conoce con precisión el estado de las explotaciones mineras en la zona objeto de queja y su afección al medio ambiente, pese a las facultades que la Ley de protección del medio ambiente de Galicia le atribuye. Sin perjuicio de las que corresponden al órgano sustantivo, la Consejería de Medio Ambiente debe actuar para corregir la situación descrita, recabando información e incluso denunciando actos y exigiendo el cumplimiento de las leyes, tanto si existe pronunciamiento ambiental previo formalizado o no”. Con estas palabras, o Defensor do Pobo constata que as consellerías de Economía e Medio ambiente, lonxe de atender ás súas funcións, que esixen, entre outras cousas, o respecto polo medio ambiente e o coidado dos recursos naturais, limitáronse a deixarlle facer ás empresas amigas para beneficio duns poucos e prexuízo da maioría social.

O desleixo intencionado da Confederación Hidrográfica tamén é mencionado polo Defensor: “Respecto a esa Confederación Hidrográfica, el Defensor del Pueblo ha apreciado un retraso, en ocasiones de más de cuatro años, en la comprobación del cumplimiento de las obligaciones de restauración de los daños y perjuicios producidos al dominio público hidráulico en la zona explotada por las pizarreras”. A dilación inexcusable no cumprimento dos seus deberes só pode interpretarse como o froito dunha vontade de que as cousas sigan igual, supoña iso o que supoña para a contorna natural.

Por último, o Defensor do Pobo remata a parte expositiva do escrito lembrado que as actividades extractivas teñen que estar suxeitas a un control rigoroso e continuo, xa que é moito máis custoso, en termos económicos, pero tamén de



esfuerzo, reparar que previr: “El ejercicio sostenible de la actividad minera no consiste exclusivamente en reparar el daño ambiental causado, sino sobre todo lograr: a) que la actividad extractiva se desarrolle de forma compatible con el entorno, lo cual no ocurre si se desecan cauces, contaminan ríos, se dañan los hábitat y se realizan depósitos de residuos incontrolados y b) prevenir el daño mediante la adopción de medidas que se aplican no solo cuando la actividad finaliza sino durante su desarrollo; c) la correcta supervisión de que estas medidas se adoptan, en este caso, por las tres administraciones intervinientes, todas con competencias para inspeccionar y sancionar.

Una vez producido el daño ambiental, la Administración suele encontrar graves dificultades para repararlo: la imposibilidad de localizar a los responsables, o la insolvencia de estos; la prescripción de las infracciones o la caducidad de los procedimientos sancionadores; los problemas económicos y de desempleo que atraviesa determinado sector; las políticas de restricción presupuestaria, etcétera.”. Tendo en conta a magnitude do problema, o Defensor do Pobo conclúe que o desafío ambiental “no parece que pueda atenderse con actuaciones aisladas por cada una de las administraciones competentes. Es necesaria la actuación conjunta de las administraciones minera (la principal responsable del control de la actividad extractiva), ambiental e hidráulica para evaluar conjuntamente el alcance del problema ambiental existente y ordenar las actuaciones que deban acometerse para la reparación del daño”.

O Defensor do Pobo volveu sobre todo isto no seu último informe anual, no que di que “[en] el caso de las actividades extractivas en el valle de Valdeorras se han dirigido varias resoluciones a la Consejería de Economía y Medio Ambiente de la Xunta de Galicia y a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, para que evalúen los efectos sobre el medio ambiente de la actividad extractiva incluídas las afecciones al dominio público hidráulico, decidan las medidas correctoras que deban adoptarse e identifiquen al responsable de su adopción. De la información



recibida se deduce que las administraciones no conocen con precisión el estado de las explotaciones mineras en una zona donde se han desecado cauces, contaminado ríos, y realizado depósitos de residuos incontrolados”.

Non é a primeira vez que o Defensor do Pobo lle dedica unha crítica severa á labor da Xunta de Galicia. No ano 2015 sinalou as súas eivas na xestión das minas de lousa de Valdeorras e da mina de cobre de Touro, que xa daquela daba mostras da súa capacidade contaminante. A entón Defensora, alertou do desleixo das diferentes consellerías en materia de respecto polo medio ambiente e das súas posibles consecuencias para o entorno se todo seguía igual, como de feito seguiu.

A Xunta non pode volver a cometer exactamente o mesmo erro; non pode ignorar de novo as advertencias fundadas do Defensor do Pobo. Cómpre que medite ben os seus consellos e actúe en base a eles.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta a análise que fai o Defensor do Pobo da xestión política que se fixo das canteiras de lousa da comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 25/04/2018 18:22:17

Antón Sánchez García na data 25/04/2018 18:22:28

Á Mesa do Parlamento

Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Davide Rodríguez Estévez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sábado 7 de abril produciuse o derrube dun noiro na Nacional 120. Non é a primeira vez que sucede. Só no último mes, houbo tres desprendementos, dous o pasado fin de semana e un o 15 de marzo, o que deu lugar a cortes de tráfico nos tramos afectados. Afortunadamente, só houbo unha persoa ferida e dous vehículos danados, pero as consecuencias puideron ser moito peores.

O problema vén de lonxe. Nos últimos anos, temos constancia de desprendementos semellantes á altura de Penalba (km. 555,1), de Rubiá e preto da capital ourensán (km. 563).

Por desgraza, non se trata de algo puntual. Noutras estradas da provincia ourensán acontece exactamente o mesmo. Houbo derrubes na carreteira de Celanova, na de San Vicente (Valdeorras) e na OU-622 de Rubiá.

Sería inxenuo pensar que os desprendementos na provincia de Ourense suceden por casualidade. Os derrubes son un síntoma –outro máis– do desleixo dos Gobernos do PP cara o interior de Galicia. As súas infraestruturas non reciben o mantemento que precisan, co conseguinte agravio para a cidadanía da contorna.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Que análise fai o Goberno da Xunta dos continuos desprendementos de rochas que afectan ás autoestradas da provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 25/04/2018 19:11:42

Antón Sánchez García na data 25/04/2018 19:11:49

David Rodríguez Estévez na data 25/04/2018 19:11:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/04/2018 19:12:04

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O mércores 7 de marzo publicouse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de catro prazas de promoción interna e cinco de acceso libre para a especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos, e outras dúas de promoción interna e tres de acceso libre para a especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas. A pesar da relevancia que teñen no noso país as cuestións relacionadas cos ferrocarrís, a citada relación de postos de traballo non solicitaba ningunha persoa experta en materia ferroviaria, algo inexplicable, xa que na actualidade a Xunta carece de persoal con formación específica nese eido. Así é que cando o Goberno galego quere fiscalizar as actuacións de Fomento que atinxen ao tráfico ferroviario ten que recorrer a informes técnicos alleos; informes que logo a Xunta non é quen de avaliar de xeito independente.

A gravidade da situación é patente na medida na que afecta a temas tan sensibles para Galicia como é a inclusión no Corredor Atlántico, o tráfico de mercadorías e a conexión dos distintos puntos do noso territorio.

Que algo semellante suceda a día de hoxe vai máis alá do desleixo e debe cualificarse de aberta temeridade. Xa no ano 2013 observamos o risco inmenso que supón non contar con expertos en materia ferroviaria. Nese ano, a Xunta impúxolle como peritos ao primeiro xuíz instrutor do accidente de Angrois dous funcionarios autonómicos sen formación específica en cuestións ferroviarias, co obxecto de que analizaran o sinistro do 24 de xullo. Máis que unha forma de colaborar coa xustiza, este movemento foi un xesto que a entorpeceu



notablemente, quen sabe se de xeito deliberado e con que intencións partidistas. Non se trata dunha sospeita infundada. Entre o ano 2013 e o ano 2016 o Goberno galego encargou 965 peritaxes xudiciais a persoal dependente da administración e 1.395 a expertos externos. Por que nun caso tan sensible como o de Angrois se preferiron os “expertos” da Xunta en vez de técnicos alleos mellor formados?

A ausencia de técnicos propios volve a ser agora un problema para a Xunta, así como para a correcta avaliación do sucedido en Angrois. O pasado martes 13 de marzo, testemuñas técnicas declararon que o sinistro do Alvia teríase evitado se o sistema ERTMS estivera activo, incluso se estivera instalado quilómetros antes. Unha declaración semellante tería que ser avaliada e tida en conta polo persoal técnico da Xunta especializado en cuestións ferroviarias, pero non existindo tal persoal, quen o tomará en consideración?

Con todo isto sobre mesa, é moi difícil defender que o Goberno popular ten o máis mínimo interese en reforzar o noso maltreito sistema ferroviario e a súa seguridade. Se o ten, cómpre que o demostre canto antes con actuacións concretas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Por que na relación de postos de traballo mencionada non se solicita ningún experto en materia ferroviaria?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando



Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 25/04/2018 19:08:37

Antón Sánchez García na data 25/04/2018 19:08:44

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En novembro de 2017 desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia puxemos de manifesto, a través das correspondentes iniciativas parlamentarias, como nestes últimos meses o debate sobre o presente e futuro do porto exterior e da fachada portuaria interior da Coruña regresou a un primeiro plano, con permanentes desencontros entre o Goberno municipal da Coruña, o Ministerio de Fomento, a través de Portos do Estado e da Autoridade portuaria da Coruña, e mesmo coa utilización por parte do presidente da Xunta de atribucións non competencia da súa administración sobre os usos de solos do porto, deixando en terreo de ninguén o proxecto da cidade.

Conscientes diso e dada a importancia secular do porto na cidade da Coruña, tanto desde o punto de vista económico como social, os socialistas faciamos un chamamento ás institucións -Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, Fomento e Adif- e aos seus responsables, a entenderse e acadar acordos nun momento crucial para a cidade coa redefinición dos seus espazos portuarios e desenvolver os pasos necesarios para a posta en marcha dun consorcio público que lidere os traballos necesarios para unha correcta desafectación dos terreos e a súa necesaria reordenación.

Salientabamos como os desencontros actuais entre administracións non só non contribúen a mellorar o posicionamento económico da cidade e o do porto, senón que contribúen a un debate mal intencionado e interesado que trata de desacreditar unha infraestrutura necesaria, moderna e chamada a ser o motor económico do norte de Galicia, ao tempo que demora a necesaria transformación da fachada marítima da Coruña, eixo do seu futuro.

Nesta permanente dinámica de desencontros institucionais, o pasado 18 de abril o presidente da Xunta de Galicia, o ministro de Fomento, o presidente de Portos do Estado e o presidente da Autoridade Portuaria da Coruña subscribían un



Grupo Parlamentario

protocolo relativo ao desenvolvemento dos terreos portuarios, a pesar, como reconece o propio Goberno galego, de non ter a Xunta de Galicia competencias directas sobre portos de interese xeral e, o que resulta rechamante e alarmante, sen contar co propio Concello da Coruña. Iso si, asinado o protocolo, convídase ás Administracións locais a participar nunha decisión xa preconfigurada nas instancias autonómica e estatal.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, novamente, os deputados e as deputadas que asinan, conscientes da transcendencia presente e futura do sistema portuario para a cidade da Coruña, preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para impulsar, en coordinación co Concello da Coruña, diante da Administración do Estado a transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun ente consorcial público que lidere este reto?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/04/2018 11:11:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2018 11:12:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/04/2018 11:12:10

María Luisa Pierres López na data 26/04/2018 11:12:14

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2018 11:12:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Carmen Santos Queiruga, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa súa resposta oral en **Pleno**, sobre a condena a devolución das cantidades indebidamente percibidas polos altos directivos da entidade NOVA CAIXA GALICIA BANCO, S.A. e condenados por administración desleal en concurso cun delito de apropiación indebida na modalidade de xestión desleal.

O 9 de abril de 2018 a Sala do Penal do Tribunal Supremo, ditaba Sentencia número 165/2018, sobre recurso de casación contra a Sentencia da Audiencia Nacional Sala de lo Penal, Sección Terceira, do 19 de outubro de 2016 que estima parcialmente o recurso e anula parcialmente a sentenza da AN do 19/10/2016.

Así, o Alto Tribunal mantén a condena a José Luís Pego (ex-director) á reintegrar a cantidade de 6.476.237 € e de Gorriarán (ex-executivo da entidade) ao reintegro de 3.969.349,31 €, xunto coa condena de outros dous cooperadores necesarios, ás penas de cadea, de multa e de responsabilidade civil subsidiaria, polos contratos de alta dirección celebrados no ano 2010, antes da desaparición da entidade NOVA CAIXA GALICIA S.A. (resultante da fusión de Caixa Galicia e Caixa Nova, autorizada pola Xunta de Galicia o 18 de novembro de 2010). Nela anula a responsabilidade civil solidaria de todos os acusados condenados respecto da cantidade total 10.445.586,31€, que foi o obxecto do recurso, declarando a



responsabilidade civil directa dos acusados e condenados Jose Luís Pego e Gorriarán, sendo o terceiro, Estrada, exonerado de toda responsabilidade civil.

Esta Sentencia mantén o resto dos pronunciamentos do fallo da sentenza da Audiencia Nacional do 19 de outubro de 2016 e ratifica o contido nela con especial dureza nalgúns dos fundamentos xurídicos.

Así, no fundamento preliminar reproduce o fundamento décimo sexto da sección terceira o 22 de outubro de 2015 no que “*condena como penalmente responsables dun delito de administración desleal en concurso de leis cun delito de apropiación indebida na modalidade de xestión desleal*”, cuestión que afectaba a outro acusado que “**non afecta a ese acusado ao retirarse a acusación e non poder declararse a responsabilidade penal e non poder ser declarado criminalmente responsable, o que implica que a entidade prexudicada teña que ir a xurisdición civil.**”

Declara nulas as pólizas de aseguramento que se estableceron en favor dos condenados pola celebración dos contratos de Alta Dirección de 2010.

Recóllese o carácter delictivo do apoderamento das cantidades que foron a engrosar o patrimonio dos tres primeiros acusados (a saber, a limitación a dúas anualidades do salario anual fixo segundo a Recomendación da Comisión Europea de 30 de abril de 2009), que non esixe debater sobre a vixencias nas normas administrativas que acordaban limitar a liberdade de determinar as retribucións dos directivos nin sobre a cualificación xurídica dos feitos probados (apropiación indebida ou estafa). Así di que “*hai un amplo consenso cando se afirma que as inadecuadas prácticas de remuneración aplicadas no sector dos servizos financeiros inda que non sexan a causa principal da crise financeira aberta no 2007-2008 favoreceron unha asunción de riscos excesivos e contribuíron a importantes perdas sufridas polas entidades financeiras.*” [...] As



prácticas foron de remuneración seguidas en boa parte do sector dos servizos financeiros foron contrarias a unha xestión sólida e efectiva dos risco. [...]

O carácter delictivo do uso das retribucións como instrumento formal para a execución dos actos de deslealdade que se traducen en decisións lucrativas de carácter expropiatorio non precisaban nin precisan da vixencia de normas comunitarias ou internas de cobertura [...]a entrada en vigor dun conxunto normativo para evitar os actos de deslealdade na materia non santifica os que se produciran con anterioridade á data de publicación da nova norma.

[...] Os impugnantes tratan de devaluar as conclusións do perito do Banco de España...[...] Non se poden admitir as inferencias que fai a parte recorrente sobre o bo estado económico das caixas galegas nos anos precedentes ao 2011(de feito tivo que inxectarlles o FROB máis de 9000 millóns de euros para poder reflotalas a través dunha fusión das dúas entidades) [...]

Sinala a Sentencia tamén que “as contías indemnizatorias axustáronse ao disposto sen que se aprecien obstáculos xurídicos substantivos ou procesuais para que o importe das mesmas se refiran a un delito de apropiación indebida e non de estafa.”

No fundamento primeiro recóllese a redución da contía da responsabilidade civil en favor dos acusados na segunda instancia e non hai argumentos que xustifiquen a limitación da indemnización no delito de apropiación indebida na modalidade de xestión desleal.

No fundamento xurídico 2 limítase a responsabilidade civil solidaria de todos os condenados sobre a cantidade total, que deveu firme por non ser recorrida por ningunha das partes o contido.

No fundamento xurídico 3 sobre o destinatario da recepción das indemnizacións sinala a Sala: que a condena penal dos impugnantes autores dun delito de apropiación indebidas na modalidade de xestión desleal é unha resolución que



deveu firme e xa se cuantificaron as sumas as que responde cada un dos acusados. Hai que observar que foran as acusacións interesaran que as indemnizacións se pagasen a NCG ou ao seu sucesor universal; por tanto a Sala estimou que se indemnizase a entidade financeira que sucedera nos dereitos e obrigas a NCG que terá que acreditarse en execución de sentenza. Na sentenza recorrida resultara probado a inxección de máis de 9.000 millóns de euros, e que o FROB era o único propietario da Caixa fusionada, e os recorrentes foran os que se apropiaran do diñeiro de NCG no 2011 pois os novos contratos inda que asinados no 2010 asumíronse pola nova entidade e executáranse no ano 2011. Despois o FROB vendeu o novo banco NCG a través de subasta por por 1.003 millóns de euros a BANDESCO descoñecendo a Sala as circunstancias relativas sobre a venda e as sumas a devolver. *“Sobre este punto concorre tal opacidade que pode afirmarse que a postura das partes é confusa e da pe a non poucas especulacións. Pois por un lado, ao FROB ofrecéronselle as accións penais ao inicio do procedemento e formalmente non chegou a presentarse como acusación, e tampouco renunciou a ningunha indemnización nin restitución en diñeiro. E cando o consideraron prexudicado na primeira sentenza e asignáronlle no fallo as restitucións que tiñan que abonar os condenados, si que interesou a execución contra eles.”*

Nos fundamentos xurídicos seguintes esgrímese como feito probado a actuación dos acusados de elaborar contratos de alta dirección con altísimas remuneracións blindadas en plena crise bancaria, cando xa o FROB aportara 9.000 millóns de euros, con enganos, ocultando aspectos relevantes antes os órganos de control da entidade fusionada, movendo a vontade das respectivas comisións de Retribución de Comisións e do Consello de Administración de NCG, ocultación falseando a realidade e que consistía en dicir que os novos contratos de alta dirección non levaban aparellada novas pólizas de aseguramento e que non supuñan ningunha vantaxe económica respecto das que xa tiñan anteriormente en favor dos condenados.

“Esa acción exercida polos acusados condenados tendente a mover erroneamente a vontade dos membros dos órganos de goberno da entidade nacida da fusión para que se aprobasen os contratos de Alta Dirección que serviron para cometer o delito polo que foron condenados, polo que ningunha efectividade poden ter as pólizas que a súa efectividade material serviron para cometer o delito cometido. Así, as pólizas individuais de aseguramento son froito dos contratos de Alta Dirección de 2010 mediante os que os acusados condenados melloraron ilícitamente a súa condición e posición económica respecto dos anteriores contratos de Alta Dirección de 2005.”

A este respecto a sala entende que os contratos nos que existe dolo penal e fundados na nulidade absoluta do contrato de aseguramento e fundados en causa ilícita de índole punible o que implica a nulidade absoluta do contrato de aseguramento co efecto da indemnización á entidade prexudicada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Era consciente o goberno da Xunta da opacidade na que se realizou a venda por parte do FROB a BANESCO e que segue a ser un misterio en canto as condicións pactadas?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Manuel Lago Peñas,

Antón Sánchez García

Carmen Santos Queiruga

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/04/2018 12:27:52

José Manuel Lago Peñas na data 26/04/2018 12:27:58

Antón Sánchez García na data 26/04/2018 12:28:05

Carmen Santos Queiruga na data 26/04/2018 12:28:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a educación sexual e a formación en materia de sexualidade nos centros de ensino público galegos.

A difusión por parte da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza dunha guía sobre métodos anticonceptivos na que se incluían, entre outros, a práctica da ‘marcha atrás’, a medición da temperatura corporal ou a lactancia como fórmulas de contracepción, puxo de novo no foco a formación e información en materia de sexualidade dirixida á mocidade.

A educación sexual (que implique o conxunto da sociedade e especialmente a comunidade educativa) continúa a ser unha materia pendente e un tabú para moitas capas da sociedade. Como consecuencia, a Internet ergueuse como unha “fonte de información” para a mocidade e múltiples voces, desde distintos ámbitos profesionais, advirten do peso que a pornografía está a ter na construción de referentes en materia de sexualidade e relacións afectivo-sexuais coas problemáticas que iso conleva a respecto dunha conceptualización da sexualidade cargada de estereotipos machistas, prácticas non saudábeis, etc.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:47
Nº Rexistro: 30084
Data envío: 26/04/2018 12:47:56.049

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como está a traballar a educación sexual o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 12:44:21

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 12:44:26

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 12:44:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:47
Nº Rexistro: 30084
Data envío: 26/04/2018 12:47:56.049

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 12:44:41

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 12:44:42

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 12:44:44

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En data 2 de novembro de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Itinerarios peonís e ciclistas na comarca de Ourense e concellos limítrofes (estratexia mobilidade alternativa), en que unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na OU-402, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. Punto quilométrico 1+090 - 3+780, clave OU/16/270.06.

Este proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada OU-402, desde o punto quilométrico 1+090 ata o aparcadoiro situado no punto quilométrico 3+290, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. A largura da senda proxectada será variable en función do espazo dispoñible, manterá sempre unha largura mínima de 1,80 metros e irá separada da calzada por un bordo delimitador. O pavimento que se empregará será de formigón, e no último treito (zona das termas de Outariz) será fotoluminiscente. Nos itinerarios proxectados, ademais das actuacións de pavimentación, inclúese a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

O 4 de abril publicábase no DOG o *ANUNCIO do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza*, onde se reflectía que o fin do prazo de exposición pública remata o 18 de maio, é dicir de 30 días hábiles dende o 5 de abril.

O devandito proxecto non contou coa participación efectiva da veciñanza, e nun primeiro momento souberon do mesmo a través dos

 Grupo Parlamentario

medios de comunicación. Dende entón, os veciños e veciñas de Reza, moitos deles persoas maiores, están preocupados polas consecuencias que a construción desta senda ciclista e peonil terá sobre os terreos das súas vivendas, pois segundo se reflicte no propio proxecto, discorre paralela ás mesmas, ademais do risco que suporía para a seguridade dos veciños e veciñas, así como dos ciclistas e peóns porque a zona pola que discorrería obrigaría a circular pola OU-402 de forma retardada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de realizar cambios no proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista previsto para a cidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2018 13:11:30

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2018 13:11:36

María Luisa Pierres López na data 26/04/2018 13:11:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2018 13:11:46

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En data 2 de novembro de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Itinerarios peonís e ciclistas na comarca de Ourense e concellos limítrofes (estratexia mobilidade alternativa), en que unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na OU-402, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. Punto quilométrico 1+090 - 3+780, clave OU/16/270.06.

Este proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada OU-402, desde o punto quilométrico 1+090 ata o aparcadoiro situado no punto quilométrico 3+290, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. A largura da senda proxectada será variable en función do espazo dispoñible, manterá sempre unha largura mínima de 1,80 metros e irá separada da calzada por un bordo delimitador. O pavimento que se empregará será de formigón, e no último treito (zona das termas de Outariz) será fotoluminiscente. Nos itinerarios proxectados, ademais das actuacións de pavimentación, inclúese a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

O 4 de abril publicábase no DOG o *ANUNCIO do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza*, onde se reflectía que o fin do prazo de exposición pública remata o 18 de maio, é dicir de 30 días hábiles dende o 5 de abril.

O devandito proxecto non contou coa participación efectiva da veciñanza, e nun primeiro momento souberon do mesmo a través dos

 Grupo Parlamentario

medios de comunicación. Dende entón, os veciños e veciñas de Reza, moitos deles persoas maiores, están preocupados polas consecuencias que a construción desta senda ciclista e peonil terá sobre os terreos das súas vivendas, pois segundo se reflicte no propio proxecto, discorre paralela ás mesmas, ademais do risco que suporía para a seguridade dos veciños e veciñas, así como dos ciclistas e peóns porque a zona pola que discorrería obrigaría a circular pola OU-402 de forma retardada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto construtivo do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2018 13:11:54

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2018 13:12:00

María Luisa Pierres López na data 26/04/2018 13:12:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2018 13:12:10

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, establece no seu artigo 15 sobre símbolos e monumentos públicos o seguinte:

“1. As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas.

2. O previsto no apartado anterior non será de aplicación cando as mencións sexan de estrito recordo privado, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.

3. O Goberno colaborará coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais na elaboración dun catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura para os efectos previstos no apartado anterior.

4. As Administracións públicas poderán retirar subvencións ou axudas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado 1 deste artigo .”

No preámbulo da lei explícanse as razóns polas que se inclúen estas medidas: *“Establécense, así mesmo, unha serie de medidas en relación con os símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da*

Grupo Parlamentario

sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura, no convencemento de que os cidadáns teñen dereito a que así sexa, a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio”

A pesar diso, e do tempo pasado, quedan moitos símbolos do franquismo en edificios públicos e relixiosos en Galicia sen que se faga nada para cumprir a lei, o que cremos que non se pode permitir. Debemos tomar todas as medidas necesarias para terminar con esta presenza de elementos conmemorativos ou exaltadores da ditadura franquista.

Por iso, no último debate do estado da autonomía e con ánimo de que a Xunta se involucrara nunha política de memoria histórica, transaccionamos co PP unha resolución que di textualmente:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa católica e coa Administración xeral do Estado, un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme o establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.»

Consideramos que soamente conseguiremos terminar coa simboloxía franquista se todos os que teñen responsabilidades co tema se unen, e a Xunta de Galicia é claramente a que ten que levar a iniciativa do tema e conseguir o consenso, pero pasan os meses e non sabemos nada sobre este acordo. Non sabemos que fixo a Xunta de Galicia nin sequera se comezou as conversas coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa e coa administración central, para poñer en marcha a desaparición dos elementos de exaltación do franquismo. Mais ben temémonos o contrario, ao xulgar por algunhas contestacións dadas pola Xunta no Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Grupo Parlamentario

Que accións levou a cabo ata o momento a Xunta de Galicia para acordar coa Federación de Municipios e Provincias de Galicia a Igrexa e a Administración central un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia tal como se acordou no Parlamento de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/04/2018 16:33:48

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/04/2018 16:33:58

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/04/2018 16:34:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 19 de abril de 2018 o BNG formulou varias preguntas na comisión segunda ao Director de Augas de Galiza a respecto do saneamento nas parroquias do Pindo e Lariño, no concello de Carnota. Mentres que no caso do Pindo o sr Rodríguez deu información detallada sobre o desenvolvemento das obras, no caso de Lariño non respondeu ás preguntas formuladas.

Cómpre recordar que existe un proxecto redactado no ano 2010 por encomenda de Augas de Galicia con un orzamento de máis de 900.000 que nunca chegou a ser licitado, sen que por parte da administración autonómica se dese máis información nin explicacións ao respecto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 17:28
Nº Rexistro: 30113
Data envío: 26/04/2018 17:28:05.096

Prevé o Goberno galego realizar obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais na parroquia de Lariño (Carnota), de maneira que complementen as actuacións promovidas polo Concello?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 17:25:16

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 17:25:22

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 17:25:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 17:28
Nº Rexistro: 30113
Data envío: 26/04/2018 17:28:05.096

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 17:25:25

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 17:25:27

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 17:25:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, relativa ao Centro Dramático Galego.

A AAAG denuncia o esmorecemento do Centro Dramático Galego (CDG) e abandona a Mesa Sectorial convocada para abordar a situación por non atopar receptividade ás propostas que presentaron. A través dun comunicado expresan que non hai vontade para abordar ás súas reivindicacións.

Na procura dunha programación dunha serie de xuntanzas nas que se puideran abordar diferentes aspectos que teñen que ver coa deriva que está tomando hai ben tempo a Institución. A Asociación critica que os procedementos de selección do elenco son só unha manifestación da burocratización que atenaza o funcionamento do Centro Dramático Galego.

A falta dun orzamento acorde coa esixencia dun teatro público, é outra das importantes demandas do sector cultural estratéxico das artes escénicas que veñen de ver recortados en máis dun 65% o seu orzamento nos últimos nove anos.

É necesario reformular o Centro dotándoo dunha entidade xurídica propia, con autonomía real e orzamentos de seu, na revisión do sistema de coproducións e residencias, a reformulación dos mecanismos de distribución ou a procura de procesos de selección de elencos que combinen a liberdade creativa da dirección coa igualdade de oportunidades dos intérpretes a acceder ás montaxes do CDG.

As críticas son moitas, comezando pola fórmula empregada no proceso de selección para Divinas Palabras Revolución. Din que é unha sorte de



externalización na que se contrata unha Compañía, neste caso Chévere, que á súa vez elixe a parte dos intérpretes. Aínda que a AAAG entende que a dirección debe ter liberdade para escoller o elenco, piden un cambio no modelo de adxudicación.

Dende o CDG din estar abertos a estudar cambios, pero xustifican o modelo escollido para a última montaxe. Nesta ocasión afirman explorar unha fórmula e expresan que se a profesión non está de acordo, poder variala. Pero non abonda con declaracións de intencións.

Unha das maiores críticas céntrase na redución dos espectáculos do CDG (1 por ano) e na súa distribución (11 funcións en Galicia, á marxe das tres semanas no Salón Teatro) no caso da última produción. No caso da anterior, a xira limitouse a 8 funcións. Algunha iniciativa se debera tomar en relación tamén coas Deputacións e os Concellos. Algo habería que facer por parte da Institución.

Dende o CDG din que as cifras non difiren moito doutros tempos e lembran que a distribución non depende só da Compañía. É doado constatar as cifras que se investiron dende o nacemento do CDG e a repercusión do brutal recorte tanto no retorno das producións como no prestixio do que debera ser e, pode selo, un orgullo para o noso país.

A AAAG reclama tamén novas fórmulas de relación entre o CDG e as Compañías privadas, tanto Coproducións como Residencias dunha maneira transparente, e dicir, a través dunha convocatoria pública á que se poidan presentar as diferentes Compañías que teñan un proxecto e que lles interese coproducir co CDG.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:



-Reformulará a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o Centro Dramático Galego tendo en conta a todos os axentes das artes escénicas implicados?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Boveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/04/2018 18:04:44

Luca Chao Pérez na data 26/04/2018 18:04:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás iniciativas a tomar para o mantemento da marca Pastor en Galiza e con ela os postos de traballo.

O Banco Santander ven de iniciar o proceso de integración xurídica das tres entidades bancarias Santander- Popular- Pastor. A pretensión é unificar e centralizar todo na marca Santander, e ao final do proceso desprenderse da filial Banco Pastor.

Este novo movemento significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 58.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España ven de recoñecer que só se van recuperar unha mínima parte.

Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo, concentración bancaria, redución de operadores e a perda de miles de postos de traballo. O sector financeiro sáldase en Galiza dende o 2009 ata o de agora cunha perda de 5.000 empregos.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e non aos de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 30131
Data envío: 26/04/2018 18:27:56.393

A compra do Banco Popular-Pastor por parte do Santander, polo prezo simbólico dun euro, significou un novo golpe ao sistema financeiro galego, máis unha vez, na busca de maiores beneficios. O Santander coa entrada do Banco Pastor converteuse na segunda entidade en cota de mercado en Galiza chegando case ao 29%, mais a costa de deixar tirad@s a traballadores e traballadoras.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras por esta situación, mais tamén pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un novo banzo no proceso descrito, do que xa tiñamos advertido.

É preciso defender a mellora das condicións laborais, o mantemento dos postos de traballo e que se É moi importante que se manteña a filial de “Banco Pastor” en Galiza pola grande relevancia que ten para o noso país, tanto desde o punto de vista do negocio como do punto de vista do emprego. Porque permite maior proximidade ao mercado galego, ao tecido económico e produtivo e ademais tributa aquí.

A desaparición da filial do Banco Pastor suporía un grave prexuízo colectivo para Galiza pola perda dunha entidade galega, aínda que sexa en forma de filial, porque se poden perden a metade dos 2.200 postos de traballo existentes na actualidade, e un prexuízo individual porque a maioría do cadro de persoal ten unha media idade por debaixo dos 50 anos, e polo tanto de difícil colocación laboral.

No mes de xuño do 2017 o Presidente da Xunta comprometeu a mediar coa dirección do Banco Santander para que esta filial de Banco Pastor e a súa estrutura financeira se mantivera en Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas as razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o resultado das xestións realizadas polo Presidente da Xunta diante do Banco Santander, prometidas en xuño de 2017, para manter en Galiza a marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 18:25:47

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 18:25:52

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 18:25:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 30131
Data envío: 26/04/2018 18:27:56.393

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 18:26:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 18:26:12

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 18:26:15

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) é o instrumento encargado de financiar a política europea para o desenvolvemento rural de todos os Estados membros e as rexións da Unión. Así, a Comisión Europea e os Estados membros deseñan os programas conxuntamente, tendo en conta directrices estratéxicas da política para o desenvolvemento rural adoptada polo Consello Europeo e as prioridades nacionais.

No período actual, 2014-2020, o Feader ten tres obxectivos principais que son o fomento da competitividade agrícola, a xestión sostible dos recursos naturais e a acción fronte ao clima e un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluídos na xeración e mantemento do emprego.

Este Fondo Europeo é fundamental, entre outras cousas, para fixar poboación no medio rural e para obter unha seguridade alimentaria dentro da Unión Europea competitiva sen ter que recorrer a traballos precarios.

Non obstante, hai distintas cuestións que preocupan aos potenciais beneficiarios das axudas cofinanciadas con este fondo, e unha delas é o cumprimento dos requisitos exixidos para o acceso ás axudas.

Nese sentido, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que tipo de controis leva a cabo o Goberno galego para garantir que se cumpren as exixencias na concesión das axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2018



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 25/04/2018 16:38:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/04/2018 16:38:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 25/04/2018 16:38:41

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a recualificar o documento con número de Rexistro 30005, como pregunta urxente en pleno ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, polo que se achega a seguinte xustificación da urxencia.

A urxencia vén motivada pola preocupación que xera en potenciais beneficiarios a concesión de axudas dos programas conxuntos das distintas administracións, a falta de información en canto á súa xestión.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/04/2018 13:21:49

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/04/2018 13:22:02

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/04/2018 13:22:10

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Moisés Blanco Paradelo, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo interese en que este Parlamento coñeza de primeira man os detalles sobre a inminente viaxe que se vai producir do Presidente da Xunta a México.

O Presidente Feijóo inicia este luns unha nova viaxe da Xunta de Galicia aos Estados Unidos Mexicanos, acompañado do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria. Alí non só está prevista a súa presenza na celebración do 1 de maio do Centro Galego de México, senón tamén relevantes reunións cos recentemente electos gobernadores de varios estados e membros do Gobierno mexicano, para reforzar os lazos entre ambos territorios.

A viaxe ten un claro obxectivo económico e de fortalecemento das oportunidades de intercambio e colaboración entre o país mexicano e Galicia en sectores estratéxicos. Así mesmo, o motivo da viaxe será mostrar a Galicia como un lugar idóneo para innovar e investir.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que avaliación realiza o Goberno galego da viaxe a México que o Presidente da Xunta de Galicia realiza neste mes de maio de 2018?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/04/2018 16:36:38

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/04/2018 16:36:47

Moisés Blanco Paradelo na data 30/04/2018 16:37:01

Alberto Pazos Couñago na data 30/04/2018 16:37:07

María Isabel Novo Fariña na data 30/04/2018 16:37:21

Maria Antón Vilasánchez na data 30/04/2018 16:37:28

Marta Novoa Iglesias na data 30/04/2018 16:37:35

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/04/2018 16:37:43



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación xerada entre a cidadanía da Coruña pola sinatura dun protocolo que condiciona o modelo de cidade e hipoteca a xestión do borde litoral durante décadas.

Na Coruña existe un vivo e intenso debate en relación co futuro do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina e Hotel Finisterre até os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego. Trátase sen dúbida dun asunto relevante que condiciona o modelo de cidade e hipoteca a xestión do borde litoral durante décadas.

Unha decisión deste calibre non pode facerse de costas á cidadanía e de maneira unilateral por parte de institucións en mans do PP. Porén, o “Protocolo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 30240
Data envío: 30/04/2018 17:26:00.197

de actuación" asinado entre Fomento, Xunta, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña (APAC) vai precisamente nesa equivocada dirección e non pode servir como punto de partido por ser unha vergoña e un latrocinio para a cidade da Coruña.

Desde o BNG consideramos que este Protocolo é un disparate porque os terreos do Porto son propiedade da cidade da Coruña, supón consolidar un modelo especulativo fracasado que aposta pola construción de milleiros de vivendas e centros comerciais nunha cidade na que hai milleiros de vivendas baleiras e cunha evidente saturación de grandes superficies comerciais, e demostra tamén até que punto chega a subordinación do señor Feixóo ao Goberno do Estado, que está disposto a sacrificar os intereses dos e das coruñesas nunha cuestión de tanta relevancia como é a súa fachada portuaria.

Os terreos que hoxe ocupan as instalacións portuarias son propiedade da cidade da Coruña, que os cedeu ao Porto para o seu desenvolvemento en beneficio da cidade. Así que, como é obvio en calquera democracia avanzada, eses terreos no momento en que deixen de ser de uso portuario, teñen que reverter ao seu lexítimo propietario: a cidade da Coruña sen custe de ningún tipo, nin para a cidade, nin para a Xunta de Galiza.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oral ante o Pleno, dirixida á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do territorio, polo trámite de urxencia:

Que razóns levan á Xunta a asinar un protocolo con Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña que vai contra o interese xeral de Galiza, hipotecando a xestión do borde litoral da cidade da Coruña durante décadas?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 30240
Data envío: 30/04/2018 17:26:00.197

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 17:25:25

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 17:25:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 17:25:33

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 17:25:36

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 17:25:40

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 17:25:42

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo interese en que este Parlamento coñeza de primeira man as consecuencias dos últimos acontecementos relacionados coa folga do persoal da Xustiza.

O 7 de febreiro de 2018, os empregados públicos da administración de xustiza en Galicia dependentes da Xunta de Galicia iniciaron unha folga que se ten prolongado xa máis de dous meses. A actuación do goberno autonómico perante esta folga consistiu nunha apertura constante ao diálogo, que se plasmou no mantemento de 18 reunións e sucesivas ofertas de mellora, enmarcadas sempre no cumprimento do mandato parlamentario acadado por unanimidade na votación dunha moción do Grupo Socialista, transaccionada co Grupo Popular, no Pleno do 19 de decembro de 2017.

Finalmente, goberno e a maioría dos sindicatos deste persoal lograron acadar un acordo que foi sometido a consulta dos traballadores o pasado 27 de abril en medio dun boicot por parte dos sindicatos non asinantes que impediu a normalidade nesa xornada de votación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia os últimos acontecementos relacionados coa folga do persoal da Xustiza?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 30/04/2018 17:57:05

Jacobo Moreira Ferro na data 30/04/2018 17:57:18

Alberto Pazos Couñago na data 30/04/2018 17:57:34

María Isabel Novo Fariña na data 30/04/2018 17:57:43

Antonio Mouriño Villar na data 30/04/2018 17:57:56

María Julia Rodríguez Barreira na data 30/04/2018 17:58:11

César Manuel Fernández Gil na data 30/04/2018 17:58:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta urxente** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa aos medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia.

Xustificación da Urxencia.

O venres 27 de abril, na Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento galego a Secretaria Xeral Técnica afondaba nunha escusa que contradí o expresado pola Conselleira e por outros membros do goberno, no sentido de afirmar que os medios aéreos do servizo de gardacostas son vangarda tecnolóxica cando, con anterioridade, se defendía a necesidade de actualizar estes medios como pretexto para a súa venda e posterior externalización.

O Consello de Contas xa sinalara en 2014 que a venda dos helicópteros por 13,5 millóns –a metade do que custaran cando os adquiriu o Goberno de Fraga- non contaba con ningún estudo sobre a repercusión da venda dese patrimonio. Así, no mellor dos casos, o Goberno do Partido Popular malvendeu bens públicos a cegas; no peor, regaloulle un negocio moi rendible a unha empresa amiga a costa dos intereses dos galegos e das galegas.

Os helicópteros foron adquiridos no ano 2005, despois da catástrofe do Prestige, e a xestión do seu servizo e mantemento foi entregada a Inaer. En 2012, os helicópteros foron vendidos polo Goberno a dita empresa alegando que os



aparatos quedaran vellos e que a venda permitiría rebaixar a cota anual que se estaba pagando á empresa, que mantiña a obriga de prestar os seus servizos ata 2017.

No mes de abril a Xunta convocou un primeiro concurso para atopar unha empresa que continuase prestando o servizo de salvamento marítimo con helicóptero durante catro anos prorrogables a seis por 6,5 millóns anuais. Inaer, que tras ser adquirida pola multinacional británica Babcock recibe o nome de Babcock Mission Critical Services España, non se presentou ao concurso e este declarouse deserto, xa que a única empresa que se presentara descartouse por non cumprir as condicións.

Así, e coa intención de confeccionar un traxe á medida de Inaer-Babcock España, en xuño a Xunta realizou unha consulta preliminar do mercado para que as empresas susceptibles de acudir a un novo concurso lle informaran dos cambios que tería que facer para que fose máis atractivo. Unha vez feita a consulta, a Xunta convocou unha nova licitación que incrementaba en dous millóns de euros o pago anual á empresa que o gañase. Pasábase de ofrecer 6,5 millóns anuais a ofrecer 8,5, un millón de euros máis do que costaba o servizo antes de que os helicópteros foran malvendidos no 2012.

Ao novo concurso presentouse a empresa que fora descartada no primeiro, que foi novamente apartada por non cumprir as condicións, e Inaer-Babcock España que, ao non contar con competencia, non tivo que propoñer á Administración ningún tipo de rebaixa dos seus prezos. Desta maneira, a empresa que xestionaba os servizos aéreos de salvamento marítimo con helicópteros dende 2005 continuará xestionando eses mesmos servizos, pero supoñendo un coste moito maior para as galegas e galegos.



Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente:

Como explica o Goberno galego que medios considerados obsoletos que precisaban de actualización agora que pasaron a mans privadas sexan considerados vangarda tecnolóxica?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/04/2018 18:16:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:26
Nº Rexistro: 30278
Data envío: 30/04/2018 18:26:05.650

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr Feijóo, ten previsto cambiar a súa política de “asfixia cordial” que provoca que o galego sexa a única lingua do Estado que perde falantes?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 18:23:11

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que avaliación fai das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos a Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/04/2018 16:38:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, pretende continuar utilizando de forma partidaria a Xunta, e os medios públicos da mesma, para facer campaña electoral aos candidatos do seu partido?


Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 30/04/2018 18:04:30



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727